


A Mariña rexistra un brote de coronavirus que provoca o illamento da comarca

Cando os casos activos na provincia de Lugo eran meramente anecdóticos, sumando un total de 17, un brote descuberto na Mariña provocou un novo repunte masivo de casos, chegando a acadar os preto de 150, concentrados maiormente en Burela pero con ramificacións en toda a costa e incluso con algún caso tamén no occidente de Asturias e na cidade Lugo. Os preocupantes datos provocaron que as autoridades sanitarias fixeran un illamento da comarca durante os cinco días previos á celebración das eleccións e na semana na que se celebran as probas da Abau. **Pax. 24**

Galicia prepárase para votar

Os partidos políticos, que suspenderon a campaña na costa, terán o segundo intento de eleccións para o Goberno autónomo o domingo 12

Tras ser aprazadas as eleccións en abril por mor do coronavirus, a cidadanía galega deberá acudir ás urnas nesta ocasión o 12 de xullo para elixir os seus representantes no Goberno galego. É amplo o abano de posibilidades do que dispoñen, con programas diversos nos que destaca como punto importante a reactivación económica trala pandemia. Tamén engloban outras cuestións económicas, dereitos sociais, o necesario reforzo dos servizos públicos deixando a un lado aos sectores privados educativos, sanitarios, etc. Foi esta unha campaña política un pouco descafeinada e suspendida esta semana na costa de Lugo. **Pax. 25**



EXEMPLAR GRATUITO

vilalba. Plan de apoio a familias, pemes e autónomos do Concello. **Pax. 2**

as pontes. O Concello terá un orzamento de 16 millóns de euros. **Pax. 6**

xermade. O Concello presenta a listaxe de obras do Plan Único. **Pax. 14**

castro de rei. Melloras nas beirarrúas do Concello. **Pax. 18**

meira. Entregada a obra da futura residencia de maiores. **Pax. 20**

abadín. Destinado o Plan Único a asfaltados, contedores e o SAF. **Pax. 22**

deportes. Avance da nova tempada deportiva. **Pax. 26**

Friol contará cun centro colaborativo



Un proxecto que dinamizará o municipio. **Pax. 9**

Veciños de Parga, en pé de guerra



Piden a reapertura total do centro de saúde. **Pax. 10**

As empresas de Meira únense



Recuperan a asociación de comerciantes. **Pax. 20**

A Deputación adianta outros 11 millóns aos concellos

A Deputación informou dunha nova medida de apoio aos concellos para a saída da crise provocada pola pandemia. Trátase da decisión de inxectar outros 11 millóns de euros aos concellos adheridos ao servizo de

xestión de impostos, adiantándolles os pagos mensuais previstos entre xullo e setembro. Este importe súmase aos que xa lles adiantou en abril polos pagos do segundo trimestre do ano. **Pax. 24**

E-27000351



NOVALUX

óptica & centro auditivo

VILALBA
C/Plácido Peña 9
☎ 604 03 20 92

Nº R.S. E-27-000351 / E-27-000333

AS PONTES
Av. de Galicia 91
☎ 604 02 21 80

Nº R.S. E-15-000024 / E-15-001170

novaluxoptica.com



NOVAS

vilalba

O Concello investirá nun plan de apoio a familias, pemes e autónomos

O goberno de Vilalba vén de presentar unha proposta de plan de apoio ás familias e aos sectores económicos do Concello co fin de protexer o interese xeral da veciñanza dando soporte ao tecido produtivo, tanto a persoas autónomas, microempresas, como pequena e mediana empresa. A posta en marcha deste plan suporía inxectar un total de 420.000 euros aos distintos sectores económicos do noso termo municipal a través de bonos de 30 euros a todas as persoas rexistradas no padrón.

Desde as concellerías de Economía e Servizos Sociais poñen de relevo “a necesidade de reactivar a economía e minimizar o impacto derivado da crise do covid-19”, analizando que a mellor das opcións pasa por “pensar en toda a veciñanza que viron mermado o seu poder adquisitivo ou que se atopan nunha situación difícil de afrontar”. Ademais, na vontade do equipo de goberno socialista está contribuír coas empresas e autónomos para facilitar o cumprimento das súas obrigas empresariais, así como o mantemento da súa actividade e dos postos de traballo logo da redución drástica dos seus ingresos.

O plan que será levado a pleno para a súa aprobación podería poñerse en funcionamento no mes de setembro, “un mes delicado para moitas familias”. Segundo aseguran desde o goberno, “en épocas de crises económicas débese incentivar o consumo”, de xeito que o gasto da veciñanza redunde no comercio, así como en todos os establecementos

e empresas que traballan en Vilalba, a excepción das compras en cadenas comerciais, casas de apostas ou similares, non financiándose tampouco a compra de alcohol nin tabaco.

Polo tanto, cada persoa empadroada en Vilalba, do total dos 14.072 habitantes, recibirá un bono de 30 euros (previa solicitude) para gastar na adquisición de bens, servizos profesionais e consumos que precisen, agás os membros da Corporación municipal. Este consumo beneficia directamente ás familias e, por suposto, a todo o tecido empresarial da localidade.

Os bonos non poderían ser fraccionados, polo que cada bono só deberá ser utilizado nun único establecemento, sempre que o gasto mínimo sexa de 30 euros. “Habilitaríamos un sistema sinxelo para solicitalos, non queremos caer nunha burocratización innecesaria nestes momentos, que impediría que isto se puxese en marcha o antes posible”.

O equipo de goberno tendeu a man no anterior pleno para a realización dunha Comisión cos distintos grupos políticos para poñer sobre a mesa esta proposta, “ofrecemento que foi negado”. Non obstante, agardan levar a pleno este plan no mes de xullo para que poda poñerse en funcionamento canto antes, “tanto as familias como os sectores económicos precisan de nós e debemos atender ás súas necesidades deixando a un lado as discrepancias”, conclúen.

CONSERVATORIO. O Concello de Vilalba vén de aprobar tamén a modi-



As axudas consistirán en bonos que non poderán ser fraccionados

ficación da ordenanza fiscal número 36, reguladora da taxa por prestación do servizo do Conservatorio Profesional de Música co obxectivo de fomentar o inicio da formación musical e manter ao alumnado inscrito cunha axuda ás familias nesta crise económica derivada da pandemia da covid-19. En concreto, procederase á supresión da taxa por matriculación ás primeiras matrículas do alumnado presencial de Vilalba, que corresponde con 1º de Grao

Elemental, e tamén á redución dun 40% nas taxas vixentes de matriculación dos demais cursos dos graos Elemental e Profesional ao alumnado das mesmas características.

A proposta presentada en pleno e aprobada pola unanimidade da Corporación foi analizada mediante un estudo económico para valorar a viabilidade da súa posta en marcha, “cuestión que asumimos nunha aposta decidida polo fomento da formación musical”, concluíu.

Axudas para material escolar

O Concello de Vilalba aprobou en Xunta de Goberno Local as bases reguladoras da convocatoria e concesión por concorrencia competitiva de axudas para a adquisición de material escolar dirixida a pequenos de Educación Infantil (3-6 anos) para o curso 2020/2021. Para a concesión des-

tas axudas terase en conta o número de membros e a renda per cápita da familia e oscilará entre os 100 euros ou 75 euros de máxima para cada un dos grupos de renda. O prazo de presentación de solicitudes e documentación será ata o 8 de xullo e esta deberá realizarse no Rexistro.

Outras propostas

O Pleno aprobou a moción do grupo agora na oposición de Vilalba Aberta consistente nun plan de axuda a autónomos e a pemes por valor de medio millón de euros.

Trátase dun plan elaborado durante o seu tempo no Goberno local e que non logrou presentar aínda.

Vilalba Aberta, que conta con dous concelleiros, logrou sacar adiante o plan cos seus votos a favor e a abstención do PSOE, que pola súa banda, insistiu na necesidade de formar unha cosión que estudie a viabilidade do plan. Tamén abstívose o PP polo que contou coa súa aprobación, tras dúas votacións na que os concelleiros do PP non votaron igual, xa que dous fixérono en contra de dous abstivéronse.

PSOE e Vilalba Aberta coincidiron no rexeitamento á proposta coa que o PP pretendía a aprobación dun plan de reactivación económica dotado con catro millóns de euros, que se lograrían por varias procedencias (o Plan Único, da Deputación; o Plan de Cooperación Local, da Xunta; os orzamentos deste ano, aínda sen aprobar, e remanentes de tesourería do Concello). O concelleiro Luís Fernández afirmou que esa formulación, se se aprobase, acabaría comprometendo a solvencia da economía municipal e a capacidade de realizar investimentos.

Tamén foron aprobadas outras medidas como o inicio do trámite para que a casa da cultura pase a levar o nome do poeta Manuel María. Contou cos votos a favor de PSOE e Vilalba Aberta e a abstención do PP.

Tamén foi aprobada la petición dunha subvención ao Idae para o cambio de luminarias, a ampliación do parque infantil da praza da Constitución e os accesos en Rioaveso.

PP e os comerciantes critican o contido das axudas propostas

O líder da oposición en Vilalba, Agustín Baamonde, cualificou de “medida mísera” o plan de axudas proposto polo goberno socialista.

Segundo explica, trátase dun plan “copiado do de Monforte” e consiste no reparto dunha media de 30 euros por persoa, “cartos que non resolven para nada a reactivación económica”. Asegura que 30 euros non serven de axuda para a poboación e implicarán ao Concello o gasto de medio millón de euros “que non terán rendabilidade”.

Baamonde avogou por facer axudas para pemes e autónomos xa que repartir cartos entre a xente “non ten sentido e é indignante, sobre todo porque hai xente que non tivo re-

percusións económicas importantes polo covid-19”.

Os sectores de Comercio e Hostalería da asociación Sete Pontes de Vilalba, expuxeron o seu “descontento xeral co Concello, ante a falta de comunicación” cos citados sectores.

Segundo explican o Concello pretende substituír por un sistema de bonos que non foi consultado con ningún dos sectores que non é un sistema nin equitativo nin eficaz.

Expuxeron tamén a segmentación do programa Compite Vilalba, “que nun principio foi creado para dar asesoramento, dinamizar o comercio e crear unha plataforma de venda online, pero que ao final semella máis unha asociación encuberta”.

NUEVO SERVICIO

Alquiler de herramientas y maquinaria de construcción y jardinería a particulares y profesionales

constru fer

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y BALENAMENTO

PABLO RABADE PAREDES

Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO) - Telf: 982 511 200

PSOE e Vilalba Aberta rompen o pacto de Goberno

O Partido Socialista de Vilalba e Vilalba aberta anunciaron no mes de xuño a súa intención de romper o pacto de goberno que os uniu o ano pasado tras os comicios que deron a vitoria ao PSOE por primeira vez na historia de Vilalba.

O anuncio, escueto por ambas as dúas partes, explicaba por parte do PSOE o cese do edil Modesto Renda Santiso, da formación Vilalba Aberta, revogando a súa delegación de goberno de Turismo e Promoción do Comercio Local, "motivado por unha perda de confianza".

Segundo indican os socialistas, ofreceron ao grupo manter o pacto de goberno asumindo as competencias de Modesto Renda outra persoa pero a proposta foi rexeitada, tal e como explican.

Vilalba Aberta tamén fixo un comunicado similar no que tamén dá por finalizado o acordo de goberno

logo da "decisión unilateral da Alcaldía" de prescindir de Modesto Renda. Sobre esta ruptura, Elba Veleiro asegurou "se deron unha serie de situacións en contra dos acordos programáticos que complicaron a continuidade do pacto".

Pola súa banda, os dous concelleiros de Vilalba Aberta convocaron aos votantes a unha reunión para informar do que pasara. Eles aseguraron que foi un "erro e que responde a un intento de por fin ao protagonismo que Modesto Renda estaba a cobrar na xestión gubernalmental".

Pola súa banda, o ex alcalde de Vilalba e voceiro popular en Vilalba, Agustín Baamonde indicou que hai unha necesidade clara "dunha explicación detallada das verdadeiras razóns da ruptura do pacto", se asegurou que "baixo o eufemismo de perda de confianza escóndese

o problema xudicial do representante de Vilalba Aberta e a presión dos colectivos feministas". Así mesmo indicou que considera que "o protagonismo que estaba a cobrar Modesto Renda na xestión gubernalmental" pesou nesta decisión. Baamonde cualificou a situación "a constación do fracaso dun goberno que chegou sementando ventos de esperanza e trae unha tempestade de falta de xestión".

O ex alcalde asegurou que a situación xa se arrastraba dende hai tempo e que a pandemia evitou "poñer en evidencia a falta de xestión e de compromiso na resolución dos problemas".

O líder da oposición solicitou explicacións sobre a ruptura do pacto ao Pleno. Este se celebrou de procedemento virtual e os problemas técnicos impediron que a alcaldesa se estendese nas súas explicacións.

Construirán aseos exclusivos para infantil no Ceip Terra Chá ademais de obras en 5 centros

A Xunta de Galicia financiará con 10.000 euros a construción de aseos integrados nas aulas de educación infantil do Ceip Terra Chá. Segundo indican dende o colexio, serán uns aseos para uso exclusivo dos alumnos máis pequenos (26 familias), e estarán entre as dúas aulas comunicados en todo momento cos mestres, e con cristaleira transparente para poder ver o alumno. Os baños novos contarán con lavabo, retrete e cambiador infantil.

Estas obras dan resposta ás medidas covid-19, xa que o alumnado de infantil estará en todo momento utilizando os mesmos aseos do grupo de convivencia, sin ter que ir a aseos comúns do centro como ía ata o de agora.

Os baños estarán listos para o comezo do novo curso. Ademais, tamén se mellorará o servizo eléctrico.

Estas obras súmanse a outras que se farán noutros cinco centros edu-



Unha mostra dos aseos infantís

cativos da localidade, como o pintado da fachada do Monteseivane e a mellora das instalacións eléctricas nos 2 centros e na EEI de Vilalba e o Ceip Mato Vizoso, no que tamén se farán varias reparacións. As reparacións serán extensivas aos IES Lois Peña Novo e Santiago Basanta Silva.

Acordo para o saneamento e a depuración municipal

José Antonio Quiroga, presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), reuniuse coa alcaldesa de Vilalba, Elba Veleiro, para avanzar nas solucións que melloren o saneamento e depuración da vila e tamén da parroquia de Goiriz, co ánimo de evitar verteduras incontroladas.

"A priori, a problemática que detectamos é a entrada de augas limpas á rede o que provoca saturación e diminución do rendemento da EDAR

actual; por iso, sería necesario mellorar os colectores e ampliar a capacidade de depuración" matizou.

Este foi un primeiro encontro, a solicitude da alcaldesa da localidade, que se materializará na redacción do estudo previo á firma dun convenio que estableza as condicións para o financiamento, execución, mantemento, conservación e posterior entrega das obras para solucionar a problemática de verteduras ao río Magdalena.



Reunión de representantes da CHMS e o do Concello de Vilalba

Campamento de verán en Román

O Ceip Terra Cha acollerá un campamento de verán dirixido a nenos e nenas de 3 a 12 anos. Está aberto a toda a poboación aínda que o alumnado do centro terá descontos especiais.

Desenvolverase do 21 de xullo e o 1 de agosto, de 15.30 a 19.30 horas e realizarán actividades ao aire libre como manualidades, deportes, xogos de auga, sendeirismo, música, horta urbana, expresión corporal, contacto coa natureza, picnics e acampadas. Poden inscribirse no teléfono 636 382 326.

Este verán volve para conectar co que amas!

#VuelveParaConectar

INTERNET FIBRA
DE 1.000 Mb

+ MÓBIL 9GB

21€/MES durante
3 MESES

42,99€/MES

PAGA SÓ A METADE!

Chama ao
GRATIS
900 651 679
www.adamo.es

adamo
INTERNET | TELEFONÍA | MÓBIL

Queres gañar
unha cámara GoPro?

Participa xa, só tes que
rexistrarte en www.adamo.es/gopro



Oferta válida para novos clientes que contraten entre o 15/06/2020 e o 31/08/2020, ambos incluídos. Non se pode combinar con outras promocións. Fibra FAST! + Móbil ilimitado 9 GB PVP total 42,99 €/mes, coa promoción, durante os primeiros 3 meses, só pagarás 21 €/mes. Prezo final con IVE e cota de liña incluídos. Promoción suxeita a permanencia cos servizos Adamo de 12 meses. Alta e instalación gratuítas. Consulta as bases legais do sorteo da cámara GoPro en: <https://adamo.es/bases-legales-sorteo-gopro-hera-7>

O PP acusa ao Goberno local de “incapacidade absoluta”

Agustín Baamonde fixo unha análise deste primeiro ano da posta en marcha do Goberno socialista. “O máis salientable deste ano é a ruptura entre os dous socios políticos, porque non deixou nada máis que se sepa”. Asegurou que é unha mostra deste ano de xestión e de “incapacidade absoluta” do goberno en asuntos importantes. Explicou que “fan moito de cosmética, pero os temas importantes e de xestión son deficitarios”. Fixo referencia a temas que seguen sen saír adiante como o orzamento, o Pxom, a RPT ou a ampliación do polígono industrial. “A xente ten idea de decepción e o feito de que se rompera o pacto de Goberno aumenta esa decepción”, engadiu. Baamonde fixo especial fincapé na liquidación do presuposto de 2019.

“A reconstrución ten que pasar polo ordenamento de tesourería e aínda non sabemos como estamos, que remanentes quedan... é un abandono imperdonable”.

PISCINA. Agustín Baamonde insistiu na situación do parque acuático de Vilalba, que non abriu xa o ano pasado e tampoco o fará este. O ex mandatario asegura que un ano máis “a praia da Madalena vai quedar abandonada á súa sorte cando sempre foi un centro de reunión da veciñanza neste tempo de verán”. Alegou que sabe que hai un proxecto para a construción dunha piscina pero que mentres non se poña a funcionar a nova ben poden adaptar o que que continúe funcionando para dar servizo aos veciños”.

Vilalba Aberta reúne cos comerciantes acusando ao PSOE de desleixo co sector

O Grupo Municipal de Vilalba Aberta reuniuse cunha representación do comercio asociado, co fin de “escoitar e analizar polo miúdo” as problemáticas do sector co Concello.

A xuntanza representou o primeiro encontro físico da formación coa veciñanza logo da saída de Vilalba Aberta do Goberno e, tal e como lembraron, “non foi por casualidade, pois queríamos que fora precisamente con eles, isto é: co sector comercial e de servizos”, en tanto que é “un dos principais afectados pola crise da covid no noso termo municipal”.

Neste senso, non quixeron deixar pasar a ocasión para lamentar o “incomprensible desleixo do Goberno en minoría do PSOE co sector”. Unha situación que, en palabras de Modesto Renda, “ten perplexo ao conxunto do comercio asociado” e que, tal e como lles trasladaron na xuntanza, se exemplifica na negati-

va por parte do Goberno municipal a escoitar as súas demandas nunha “solicitada, mais denegada reunión”; na “desinformación e desorganización” no reparto de EPIS, co agravante da decisión do executivo socialista de vinculalo ao programa “Compite Vilalba” (só os inscritos ao mesmo - e nin tan sequera todos - estarían recibindo o material); así como na “parálise” e nas “cortinas de fume constantes” do Equipo de Goberno, co fin de non por en marcha a aprobada proposta de Programa Municipal de axudas directas a autónomos e pemes de Vilalba Aberta, sendo o punto que “desbordou o vaso a surrealista proposta de sistema de bonos” anunciada polo PSOE.

A este respecto, manifestaron a súa satisfacción pola “grande acollida” que a proposta de programa de axudas directas de Vilalba Aberta tivo entre os comerciantes.

O Concello acomete as obras en Rioaveso, Goiriz e rúa Chao Ledo

O Concello de Vilalba acometerá en datas próximas e con fondos propios a mellora dos accesos á parroquia de San Xurxo de Rioaveso, concretamente os traballos centraranse na vía municipal que une a estrada autonómica LU120 e a provincial LU-P-6514.

O orzamento para este proxecto rolda os 40.000 euros, aprobado no pleno ordinario, e está calificado como “urxente” xa que a falta de capas superficiais de pavimento fai que a calzada non sexa impermeable.

Os traballos centraranse na limpeza de noiros e cunetas, a regularización da superficie da calzada e a execución dunha nova capa de rodadura a base de aglomerado en quente de cinco centímetros de espesor. Tamén se procederá a realizar a sinalización horizontal e vertical da vía. O prazo de execución das obras está fixado nun mes.

CHAO LEDO. Ademais, un total de 78.160,62 euros destinaranse á renovación da rede de saneamento na rúa Xosé María Chao Ledo. Trátase dunha das obras que se sufragarán cos fondos do Plan Único.

As obras inclúen a renovación das canalizacións e as acometidas da



Unha vista da intersección da rúa Chao Ledo con avenida de Galicia

rede de abastecemento nesta rúa, que está considerada unha das principais arterias do núcleo urbano como continuación da avenida Terra Chá. Para esta obra está prevista a apertura das beirarrúas e a renovación de todo o pavimento. Aproveitarase para cambiar as canalizacións da iluminación.

Esta obra ten un prazo de execución de dous meses e xustifícase polos continuos problemas de roturas e falta de presión do servizo de augas que sofre a causa do escaso diámetro das tubaxes existentes.

ESTRADA DE MEIRA. Tamén con

fondos do Plan Único ten previsto licitar as obras de mellora na vía municipal que vai desde Goiriz á estrada de Meira, a LU-120, nun tramo de algo máis dun quilómetro que tamén atravesa parte da parroquia de Rioaveso. O orzamento previsto para esta obra é de 48.381 euros.

As obras consistirán no acondicionamento da vía, a pavimentación e a renovación da sinalización, cun prazo de execución dun mes.

Trátase dun vial que soporta unha importante densidade de tráfico, xa que a maiores da veciñanza, é zona de paso de transportes destinados á explotación madeireira.

Queixa de profesores do Lois Peña Novo

Profesores do IES Lois Peña Novo fixeron un comunicado no que acusan ao Goberno galego de “falta de directrices claras” para os centros educativos coa pandemia.

Segundo explican, a situación de confusión foi en aumento no relativo aos criterios de promoción e titulación, deixando toda a responsabilidade aos equipos docentes e propiciando desigualdades evidentes entre os diferentes centros, propiciado por unhas instrucións deliberadamente ambiguas”. Lamentan tamén “a ausencia de previsión para o próximo curso”.



LGTBI. Rapaces e rapazas do IES Basanta Silva non quixeron deixar pasar a oportunidade de dar visibilidade á celebración do Día do Orgullo polo que pintaron os bancos da Alameda da capital chairega coa bandeira LGTBI. Este acto reivindicativo contou co apoio do Concello co obxectivo de reivindicar a igualdade. O consistorio vilalbés tamén luciu a bandeira multicolor.



Tex

SERVICIO ATENDIDO

De luns a sábados: 7:30 a 22:30 h. Domingos de 7:30 a 15:00 h.

AUTOSERVICIO (noites e domingos tarde).

R/ Cidade de Viveiro, 70 - 27800 Vilalba - T.: 982 191 259 / estaciontex@yahoo.com



Restaurarán dúas casas de promoción pública



As dúas vivendas abandonadas no centro de Vilalba

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda vén de licitar as obras de rehabilitación de dous inmobles en estado de ruína no casco histórico de Vilalba para convertelos en vivendas de promoción pública. Suman un investimento de preto de 400.000 euros.

En concreto, o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) -que depende do citado departamento- publicou a licitación de senllos contratos para recuperar o inmovible da rúa Ferrería número 6, cun orzamento de 260.110 euros, e o edificio situado no número 14 da rúa Concepción Arenal, neste caso cun orzamento de licitación de 136.105 euros. En ambos casos o prazo para presentar ofertas por parte das empresas

interesadas remata o 14 de xullo, e o prazo máximo de execución será de 12 meses. Obteranse dúas vivendas unifamiliares. A situada na rúa Concepción Arenal conta con planta baixa e planta primeira; debido ao profundo deterioro que presenta, requirirá unha intervención integral que contempla a reconstrución dos muros exteriores.

O edificio da rúa Ferrería, cos muros perimetrais en mellor estado, tamén precisa dunha importante actuación que incluírá a demolición dos forxados de madeira, carpintaría, tabiques e o baleirado completo, conservando só a fábrica estrutural en bo estado. Conta cunha planta semisoto, dúas altas e un espazo de trasteiro no baixo cuberta.

Crean unha plataforma dixital para comprar no comercio local

O Concello de Vilalba puxo en marcha D'compras por Vilalba, unha campaña dixital de promoción do comercio local para incentivar as compras da veciñanza nos negocios de proximidade que repartirá 9.000 euros en premios.

Nunha aplicación para móbiles de uso moi sinxelo, os veciños e veciñas poderán comprar nalgún dos 37 establecementos adheridos á plataforma e acumular puntos para canxear por agasallos. Haberá tamén sorteos entre os usuarios rexistrados nas próximas semanas.

D'compras por Vilalba é unha aplicación de axuda para a dixitalización do comercio. Provocará un gasto estimado de 90.000 euros nos negocios e a iniciativa forma parte do programa de formación e asesoramento Compite Vilalba.

Compite Vilalba é un plan deseñado polo concello para apoiar aos sectores máis afectados pola pandemia mediante unha diagnose previa e individualizada da situación de cada establecemento, para despois

pasar a unha fase de formación e á realización final da actual campaña de promocións conxunta.

O programa comezou cunha primeira fase, de diagnose, que tiña como obxectivo poder coñecer a situación na que se atopaban os establecementos participantes no programa, para pasar despois a unha etapa de formación conxunta, con nove píldoras formativas realizadas en liña para mellorar as capacidades e facer fronte á situación actual.

Despois, o programa chegou a unha etapa de asesoramento individualizado, realizando un acompañamento e seguimento a cada un dos comercios participantes para definir o seu plan de mellora comercial, as accións que debían implantar para aumentar a súa competitividade.

Por último, chega a quenda de 'D'compras por Vilalba', unha plataforma online para que o comercio local venda os seus produtos, con promocións nas redes sociais, descontos e outras iniciativas.

Xotramu fará xornadas de xogos polas parroquias

Este verán as nenas e nenos das parroquias de Vilalba desfrutarán dos xogos tradicionais de Xotramu, respectando todas as medidas de hixiene e seguridade con xornadas os venres e sábados polas tardes.

Trátase da iniciativa *Lecer no Rural* 2020 posta en marcha polo Concello de Vilalba.


O obxectivo desta actividade é coñecer o patrimonio lúdico, sumado a unha atención especial ao entorno rural, programa co que leva anos trallando o grupo Xotramu dende a Terra Chá.

Poderán acudir a estes encontros os pequenos das parroquias onde terán lugar e por suposto, das que se atopan preto.

Así, a primeira sesión terá lugar o venres 10 de xullo en Sancovade, concretamente no campo de fútbol. Ao día seguinte estarán na casa escola de Nete.

Continuarán a seguinte fin de semana, o venres 17 no Ceip Monseivane de Lanzós e o sábado na casa escola de Carballido.

Haberá tamén xogos o 24 na casa escola de Insua e o 25 no campo da festa de Goiriz. Rematarán o 31 de xullo na casa escola de Santa-balla.



Alfoz en el interior de la 'Mariña Lucense' marco incomparable de paisajes y belleza natural.



www.concellodealfoz.com
APP CAMIÑOS DE ALFOZ

Concentración de emerxencia ante Endesa



Estado dunha das estradas asfaltadas recentemente

Traballadores da central de Endesa nas Pontes, transportistas e sindicalistas realizaron unha protesta de urxencia diante da térmica para impedir o desmantelamento de parte da obra de adaptación dos grupos 3 e 4 que se está a realizar. A mobilización convocouse nada máis coñecerse as intencións da eléctrica e levou a que un piquete se concentrara para bloquear os accesos ás instalacións até que a eléctrica recuou nas súas pretensións.

A medida de presión, explica Alberte Amado, da Executiva da CIG-Industria, obrigou á dirección da central térmica a suspender a desmontaxe de parte da desulfuradora (re-

centemente posta en marcha para adaptarse á normativa de emisións industriais) e a reafirmar a garantía inicial de non desmantelar os grupos 3 e 4 até coñecer os resultados das probas con combustíbeis alternativos, aínda no caso de que estes grupos non se usen para isto.

Este compromiso de manter a actividade fora asumido pola empresa na reunión co Ministerio.

Durante a concentración, a dirección de Endesa confirmou que paralizaban os traballos de desmonte ata a obtención dos resultados das probas con biocombustíbeis para comezaran en xullo.

O IES Castro da Uz suma a FP dual de soldadura e caldeiraría

As Pontes contará o próximo curso co grado medio dual de soldadura e caldeiraría, unha ensinanza demandada polo Concello das Pontes, o IES Plurilingüe Castro da Uz, así como a Asociación de Empresarios e Usuarios de Suelo Industrial de As Pontes (Seara) e as empresas Estructuras Metálicas del Norte Siglo XXI S.L., Fitter Montajes Estructurales S.L., Acebrón Calderería S.L., Metalúrgica Pontesa S.L. e Prometal Tecnología e Innovación S.L.

Tania Pardo, responsable da área de educación do Concello das Pontes sinala que “se trata dunha moi boa noticia para o noso municipio e

responde á demanda que lle trasladamos no mes de xaneiro á Consellería de Educación para amosar o seu compromiso co futuro do noso municipio”.

A concelleira tamén indica que esta nova oferta formativa permitirá dar resposta aos intereses dos veciños e veciñas das Pontes, “permitindo atender ás demandas dun tecido empresarial que solicita man de obra cualificada.

Por outra banda, o centro educativo contará para o curso 2020-2021 cun ciclo de FP básica na especialidade de automoción, segundo avanzou a Consellería de Educación ao centro.

O Concello terá un orzamento de 16 millóns de euros este ano

O Pleno do Concello das Pontes aprobou cos votos a favor do PSOE, a abstención do BNG e do PP e o voto en contra de Xuntas polas Pontes En Común, o orzamento xeral para o ano 2020, que ascende a 16.045.017,10 euros, así como o cadro de persoal, as normas de execución do propio orzamento e o plan económico financeiro.

Durante a sesión plenaria, que se celebrou de forma telemática, a concelleira de Facenda, Maite Méndez, fixo fincapé en que “se trata dun orzamento deseñado por e para a veciñanza no que se van desenvolver diferentes accións coas que se dará cobertura a todas as necesidades da veciñanza”.

O 67% do orzamento estará destinado a unha inxección directa de máis de medio millón de euros a

través de axudas a microempresas, persoas autónomas e familias afectadas polo coronavirus.

O orzamento destinado á Concellería de Benestar Social incrementouse en 1,3 millóns con respecto ao anterior orzamento “o que nos permite manter todos os programas que xa existían, aumentado as partidas destinadas ao Servizo de Axuda no Fogar, ás axudas para estudos ou incrementar a partida destinada a emerxencia social, realizar unha achega ao banco de alimentos e suplementar, con fondos propios, novos programas tales como o programa de Educación Familiar e Atención Temperá ou crear unha liña de axudas enfocadas a contribuír á recuperación da economía das familias da localidade afectadas pola crise laboral deriva-

da da pandemia, así como sufragar a adquisición de EPIS para o persoal municipal e para o tecido social e comercial da localidade, entre outras actuacións”.

Ademais, o 27,85% do orzamentos, 4,4 millóns de euros, irá destinado aos servizos públicos básicos. As actuacións en materia de protección social e promoción social, contan con algo máis de 3 millóns de euros. Para sanidade, educación, cultura, deporte, lecer e tempo libre irán 3,5 millóns de euros. Infraestruturas básicas e de transporte, agrarias, comunicacións, investigación ou desenvolvemento e innovación terán unha consignación no orzamento que rolda os 1,4 millóns. Finalmente, ao funcionamento diario do Concello irán destinados 3,6 millóns de euros.

Nova obra ao aire libre



A nova obra do programa As Pontes enPezas

Instalouse na vila pontesa o mosaico fotográfico titulado *Dous pobos, unha mesma nai: Galiza e Breizh*, converténdose no segundo collage do As Pontes enPezas, iniciativa cultural municipal que mistura a arte pública e a participación veciñal, e que xa ten convertido as rúas da localidade nun museo ao aire libre. Nesta ocasión, o motivo desta peza

artística foi resaltar o patrimonio e as raíces comúns dos territorios europeos de Galicia e Bretaña, e homenaxear unha histórica amizade que se materializa en máis de 20 irmanamentos entre localidades dos dous países. Un destes intercambios culturais é o existente entre as vilas de As Pontes e Lesneven, forxado hai xa 29 anos.

Adxudican as obras de mellora da estrada en Porto do Liño

A Xunta de Goberno Local adxudicou á empresa Francisco Gómez y CIA, unha nova fase das obras de mellora do firme en Porto do Liño. Este proxecto financiado pola Deputación e cun orzamento de 30.990,93 euros permitirá a rehabilitación do camiño municipal, mellorar a súa calidade estrutural e superficial, aumentando, deste xeito, a seguridade viaria na zona.

Os traballos previstos contemplan o barrido da superficie e a limpeza das marxes. Nos entrosques coa estrada existente fresarase o firme para rematar correctamente a reparación realizada mentres que naquelas zonas onde a estrada se atope afundida realizarase o bacheado previo. Así mesmo, executarase unha nova capa de rodadura de cinco centímetros de formigón bituminoso e a reposición da sinalización horizontal.

LA CASILLA
HOSTAL RESTAURANTE

BODAS - COMUNIONES - BANQUETES

zona para Boda Civil
www.lacasilla.es

Asesoría Enerxética
Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓN
SUBVENCIONES - AUDITORÍAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓN FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilaalba (Lugo)
 Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

“A nosa especialidade son os almorzos, que son moi variados”

Borja Pena Varela dirixe A Taberna de Pancho dende hai catro anos

A Taberna de Pancho é un deses locais que fan cidade, con clientela fiel e tradición conxugando unha boa atención cun trato familiar. Ao fronte do mesmo está Borja Pena Varela, que fai un pouco de todo, camarero, cociñeiro e o que faga falta.

Canto tempo fai que abriron ou se asentaron nas Pontes?

Este é o noso terceiro local de hostalaría que abrímos nas Pontes dende o 2016.

E onde comezaron?

Comezamos nun local pequeno da nosa vila.

En qué se diferencia a Taberna de Pancho dos locais similares?

Intentamos facer un pouco de todo. Poñemos moito empeño nos almorzos, cafés, viños, cervexa, pinchos....hai que intentar abarcalo todo. Contamos cunha terraza cuberta para os que queren aproveitar o bo tempo e desfrutar con tranquilidade da comida, en especial para os que levan mascota.

Cal é a súa particularidade?

Gústanos todo o que facemos realmente así que non hai particularidades. Hai días que damos moitos almorzos e iso préstanos moito polo que lle poñemos moito amor. Tamén teñen moita acollida entre a nosa clientela as tapas, que son moi variadas intentando chegar ao gusto de todas as persoas.

Que horario cubren?

Antes do confinamento abríamos todos os días. Agora decidimos pe-



Borja Pena Varela, trala barra do seu local das Pontes

char os luns para que descanse o persoal. De todo os xeitos, temos un amplo marxe de horario para cubrir todas as franxas.

Que servizos ofrecen?

A maiores de cafés, cervexas, viños e demais, tamén temos unha carta que consta de tostas, racións, bocadillos, pizzas, unha ampla variedade para poder ofrecer distintas posibilidades aos nosos clientes. Ademais, en tempos de cogomelos, como é típico nas Pontes, adaptamos a nosa carta á situación.

Cales son os máis demandados?

As fins de semana quizais os bocadillos son os pratos máis demandados da carta.

Cal é a súa especialidade?

A nosa especialidade son os almorzos. Ofrecemos unha ampla variedade de pratos a moi bo prezo para o cliente. Pode escoller dende o tradicional ao máis complexo.

Como lle afectou á empresa a situación sanitaria creada polo coronavirus?

Na miña familia sufrimos moito, xa que somos dous autónomos que nos vimos afectados pola situación sanitaria. Está claro que o confinamento foi moi importante e necesario para evitar males maiores, xa que grazas a iso baixaron os casos de infectados, pero laboralmente os autónomos sufrimos demasiado. Todos os días pensando no bar e no futuro que nos esperaba, futuro que aínda non temos moi claro como será.

Comeza esta nova etapa con algunha novidade?

A novidade que temos é a obriga da... a desinfección en todo momento.

Algún proxecto de cara ao futuro?

Agora mesmo non temos proxectos de futuro. O único que queremos é intentar recuperar o perdido.

As Pontes destina 140.000 euros ás subvencións a entidades culturais

O Concello de As Pontes destinará 140.000 euros ás subvencións para as entidades culturais do municipio durante o ano 2020.

Estas achegas, destinadas a entidades culturais privadas, sen ánimo de lucro, inscritas no rexistro de Asociacións do Concello de As Pontes e que desenvolvan a súa actividade no municipio ou aborden asuntos de interese para a localidade, teñen como obxectivo esencial apoiar e contribuír a fomentar a participación cidadá no ámbito da cultura, impulsando, deste xeito, na democratización da sociedade.

A través destas achegas as entidades solicitantes poderán cubrir os gastos derivados das actividades que leven

a cabo así como os gastos en infraestruturas e equipamentos executados ou adquiridos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020.

Para acceder a estas achegas é necesario presentar a solicitude a través da sede electrónica do Concello, cumprimentada polo representante da entidade cultural, mediante certificado electrónico, xunto coa documentación esixida na convocatoria. O prazo para presentar as solicitudes comeza o venres 26 de xuño e remata o venres, 5 de xullo.

Pódese obter máis información sobre estas achegas no BOP 91, con data 19 de xuño de 2020, na páxina web www.dicoruna.es ou na páxina do Concello de As Pontes

Abre o prazo para solicitar as axudas á escolarización

O Concello das Pontes destinará 40.000 euros ao programa municipal de axudas para a escolarización, dirixidas a atender os gastos orixinalos polo inicio do curso escolar 2020-2021, un 14,5% máis con respecto ao curso pasado.

Estas achegas están destinadas a atender os gastos de adquisición de libros e material escolar ou informático do alumnado de Educación Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato e Ciclos Formativos do municipio.

No caso do alumnado de Educación Infantil de 0 a 3 anos, a axuda poderá alcanzar os 30 euros. Para Educación Infantil de 3 a 6 anos a contía elévase a 100 euros, ao igual que para Educación Primaria e Secundaria. Os ciclos Formativos e o Bacharelato subven-

cionaranse con ata 140 euros e o alumnado matriculado en FP básica recibirá axudas de 80 euros.

Para solicitar estas achegas é necesario figurar no padrón das Pontes, ter un ingreso anual que non superen os 20.500 euros e ter presentado a solicitude de reserva de matrícula ou de admisión nun centro público da localidade.

As solicitudes, así como a documentación esixida, poderán presentarse a través da sede electrónica municipal ou no rexistro xeral do Concello (con cita previa chamando aos teléfonos 667129389/667129380) ante do 13 de xullo.

Asemade, abrirase un prazo extraordinario en setembro para aquel alumnado que ten que formalizar a matrícula en setembro.

Bosque y Jardín CARLOS

HUSQVARNA TC142T

- Motor con cilindro gemelo Briggs & Stratton
- Potencia neta de 2600 rpm
- Transmisión hidrostática
- Recogedor trasero integrado de 320l
- Anchura de corte 107 cm

3.599€
AHORRA 900€
P.V.P ANTES 4.499€

¡Apúrate! Mantemos estas ofertas solo hasta fin de existencias

RIDER R214TC

- Motor B&S Bicilíndrico en V
- Potencia de 12.8kW (3100 rpm)
- Transmisión hidrostática
- Incluye unidad de corte 94cm

3.999€
AHORRA 1.500€
P.V.P ANTES 5.499€

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO). Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319 - jcpenelas@bosch-bcs.com

Inmobiliaria JRoca

ROCA ABOGADOS

Calvario, Vilalba

Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 115m²

100.000€

se vende piso de 3 dormitorios, sala, 2 baños, cocina, terraza, garaje, trastero y ascensor. Muy soleado.

Avenida Tierra Llana 150, Vilalba

Casa / Chalet adosado | 4 Dorm | 2 Baños | 300m²

169.000€

Se trata de una casa formada por un bajo de 140 metros, actualmente usado como garaje. Un piso de 120 metros listo para vivir en él. Otro piso de 120 metros que sólo está tabicado y un desván donde van los trasteros de cada piso. A la espalda tiene un terreno que llega a la calle que pasa por detrás.

Picoucelo, Xermade

Casa rural | 4 Dorm | 2 Baños | 200m²

100.000€

Del terreno de la casa se pueden segregar 3 parcelas edificables. La casa tiene alcantarillado y traida municipal y privada. La propiedad está dispuesta a dar facilidades de pago.

Ciudad de Vivero 57, Vilalba

Piso | 2 Dorm | 1 Baño | 75m²

55.000€

En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de 2 habitaciones y sala, baño y cocina. Tiene ascensor, garaje y trastero.

Mourense s/n, Vilalba

Casa rural | 4 Dorm | 2 Baños | 275m²

150.000€

Se vende casa rural en la parroquia de Mourense, municipio de Vilalba (Lugo), la casa esta en parte reformada y tiene un total de 275 metros cuadrados construidos. A mayores, en la finca que tiene 10.000 metros, existen varios alpendres y una capilla. La casa se sitúa a unos 3 km del centro de Vilalba.

Valeriano Valdesuso 2, Vilalba

Dúplex | 3 Dorm | 3 Baños | 235m²

240.000€

En Vilalba (Lugo), se vende vivienda integrada por dos plantas totalmente acondicionadas, en las que hay un salón, comedor, cocina y un baño en la planta primera y tres habitaciones y un baño en la planta segunda. La vivienda está totalmente rehabilitada.

Grupo As Fontiñas 1, Vilalba

Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 99m²

50.000€

En Vilalba (Lugo), se vende piso de 4 dormitorios y sala, 2 baños y cocina. Muy luminoso y próximo a los colegios.

Avenida de Galicia 26, Vilalba

Dúplex | 3 Dorm | 3 Baños | 183m²

125.000€

En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende dúplex de 3 habitaciones, 3 baños, sala muy amplia, cocina y plaza de garaje. Es un piso muy céntrico y está situado encima de un supermercado. Dispone de ascensor y una terraza de unos 25 metros. Calefacción de gas ciudad.

Avda. de Galicia 85, Vilalba

Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 120m²

40.000€

Se vende piso primero, sin ascensor, en la localidad de Vilalba (Lugo), de 4 habitaciones y sala, baño y aseo, cocina, terraza abierta y amplia terraza cubierta. Esta muy cerca de la zona de los colegios.

Alcalde Fraga Bello 20, Vilalba

Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 104m²

105.000€

En Vilalba (Lugo), a unos 30 minutos de Lugo y Ferrol, 45 minutos de A Coruña, en las proximidades del ambulatorio, se vende piso de 3 dormitorios y sala, 2 baños y cocina. Dispone de ascensor, garaje y trastero. El sistema de calefacción es a gas con caldera individual.

Ameneiro s/n, Guitiriz

Casa rural | 3 Dorm | 2 Baños | 246m²

155.000€

A unos 4 Km de la localidad de Boamonde y de la A-6, se vende casa rústica de 4 dormitorios, sala, cocina, 2 baños y otras dependencias. Tiene una finca de 39.000 metros cuadrados. Ideal para alguien que tenga caballos.

Leiras de Arriba, Abadín

Casa rural | 3 Dorm | 1 Baño | 200m²

15.000€

Casa rural en el municipio de Abadín, parroquia de Montouto. La casa precisa reformas.

Inmobiliaria JRoca

C/de los Pepes 1 - 27800 Vilalba, Lugo Tel.: 600 828 720

ROCA ABOGADOS

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco

Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles

Comunidades - Penal

Roca Abogados Carril de Catezol, 1 - 1ªA, Lugo Tel.: 982 230 337 - 600 828 720

www.rocaabogados.info

friol

Investirán un millón de euros na rehabilitación do colexio

A Consellería de Educación vén de aprobar o proxecto de rehabilitación integral de dous dos edificios do Centro Público Integrado Dr. López Suárez de Friol. A execución das obras está previsto que comece antes no segundo semestre deste ano, e estarán rematadas na totalidade para o inicio do curso escolar 2021/2022. As actuacións exteriores levaranse a cabo durante o ano e darán comezo en setembro, e as obras interiores realizaranse en períodos vacacionais. A Xunta publicou a licitación da obra por importe de 737.251,38 euros. Os edificios que se verán mellorados serán os que albergan a dirección, diferentes aulas de infantil e primaria, a biblioteca, a aula de música, etc. e o edificio do comedor, no que ademais tamén hai aulas e outras estancias. O primeiro edificio conta cunha superficie total de case 1.600 m2 e o segundo con máis de 800 m2 distri-



Vista aérea do colexio de Friol

buídos en dúas plantas. Unha das actuacións que se levarán a cabo será a mellora de eficiencia enerxética mediante substitución de ventás, illamento de fachada con sistema de illamento térmico polo exterior, substitución da chapa de cuberta, illamento de cuberta baixo forxado e substitución de luminarias por equipos LED. Tamén se realizarán actuacións de mellora de accesibilidade mediante a execución de

dúas rampas, unha en cada un dos accesos á planta baixa do comedor. A maiores realizaranse actuacións como redistribución da zona de oficinas, e tamén se verán melloradas e modernizadas as distintas aulas, contéplase a creación dunha aula para recibir ós pais, así como tamén está prevista actuar no entorno do centro, en definitiva, unha serie de obras que axudarán a mellorar a funcionalidade dos edificios.

A Fortaleza de San Paio retoma as visitas presenciais

Os catro museos da Rede Museística Provincial retomaron as visitas presenciais. O Museo Provincial de Lugo, o Museo Provincial do Mar de San Cibrao, o Museo Pazo de Tor e a Fortaleza de San Paio de Narla volveron recibir público presencialmente tras semanas dunha intensa actividade virtual, ofrecendo contidos e actividades adaptadas á situación sanitaria. A Rede Museística Provincial estableceu diferentes medidas para que as visitas se fagan coas máximas garantías de seguridade. A capacidade e tempos de permanencia nos museos adaptáronse e limitáronse segundo as dimensións e características de cada espazo. O uso de máscara será obrigatorio e haberá dispensadores de solucións hidroalcolíca á entrada e á saída, ademais están definidos itinerarios de forma que os visitantes poidan ver as coleccións e exposicións mantendo a distancia interpersonal de 2 metros.

Friol renova os puntos de luz no rural con tecnoloxía LED

O Concello de Friol continúa cos proxectos de eficiencia enerxética, nesta ocasión cun orzamento de case 50.000 euros financiado pola Xunta dentro do Fondo de Compensación Ambiental, no que o Concello de Friol soporta os custos das taxas técnicas, é dicir, redacción de proxecto e dirección de obra, que representan un total de aproximadamente 4.000 euros de fondos propios para a renovación do alumeadado público nas parroquias de Ramelle, Carballo e Vilalvite. Entre as obras que se realizarán nestas parroquias están a colocación de novas luminarias, a restitución de condutores, a instalación de novos cadros de control e a instalación de conexións a terra nestes paneis, a nova distribución por circuitos e calquera outra acción que poida ser necesaria para a mellora do servizo. Todo isto supón a redución da contaminación lumínica, así como unha importante redución dos custos enerxéticos, ademais de mellorar a



José Ángel Santos

calidade do propio servizo de iluminación. O alcalde comprometeuse a que nos próximos anos desta lexislatura todos os puntos de luz do municipio serán practicamente renovados e mellorados, dado que “considera prioritario mellorar o devandito servizo para que a poboación de rural de Friol poidan disfrutalo e ao mesmo tempo aforrar dun xeito importante o gasto en facturación de consumo de enerxía”.

Cristalería

LUCENSE

Rúa dos Capiteiros, 20-21

Pol. Ind. do Ceso - Lugo

Tel./Fax 982 207 829

info@cristalerialucense.com

Comeza o proceso para contratar o novo centro colaborativo

A Xunta de Galicia e o Concello de Friol cofinanciarán con 300.000 euros a construción dun centro colaborativo. Trátase dun proxecto cun importante investimento, que ten como finalidade poñer a disposición de toda a poboación do municipio, tanto particulares como asociacións, empresarios, entidades de economía social, asociacións, servizos, etc..., un espazo, con premisas suficientes para a prestación de servizos, tanto no eido da economía social como a formación, e con puntos de acceso TIC.

Na actualidade, este proxecto atópase no prazo de licitación para adxudicación pública e os traballos comezarán no segundo semestre do 2020. Para a súa execución, está previsto contar coa axuda de Agader, dependente da Consellería do Medio Rural, concretamente a través do Programa Leader, por un importe de 160.000 euros.

O centro colaborativo estará situado na mesma ubicación donde estaba o antigo PAI e no lote continuo de titularidade municipal e que está baleiro, "pretendendo que estas novas e modernas insta-



Deseño do novo proxecto

lacións poidan dar cobertura a todas as necesidades demandadas polos veciños e veciñas para dinamizar o noso municipio, con todo tipo de actividades culturais e lúdicas, así como ofrecer servizos á poboación en xeral", di o alcalde, José Ángel Santos.

Esta actuación requirirá a demolición do actual edificio dedicado a PAI, que xa foi trasladado ao seu novo local. Este novo centro terá unha superficie útil duns 230 m2, nunha planta con dúas áreas claramente diferenciadas, unha para formación e outra de uso xeral.

O alcalde, José A. Santos, sinala "estamos comprometidos a facer

este importante investimento, en colaboración coa Xunta da Galicia, dado que dende o equipo de goberno apostamos pola dinamización da poboación e a posta ao día, tanto con ofertas de formación como con prestación de servizos TIC, algo que será imprescindible no futuro e no día a día da nosa poboación, así como, poñer a disposición de locais de reunión no centro de Friol, coidando estes aspectos, implicitamente estamos a coidar o asentamento de poboación rural, que non precisará buscar fora do municipio ofertas nin prestación de servizos esenciais para toda a veciñanza".

Comezan as obras de remodelación do club fluvial



Unha imaxe do inicio das obras

Arrincou a execución do proxecto do novo complexo fluvial de Friol, cun investimento de 750.000 euros.

A execución das obras estaba previsto que comezasen ao finalizar a época estival do presente verán, pero dada a situación actual, e as medidas sanitarias impostas decidiuse non abrir ao público ditas instalacións este verán como medida de prevención, por iso é polo que se axilizou ao máximo por parte da Consellería o comezo das obras.

Os traballos consistirán nunha renovación integral do edificio central e das dúas piscinas exteriores, unha de adultos e outra infantil, coas que conta este recinto. Ademais, tamén

se urbanizará parte da contorna desta praia fluvial, situada nunha das marxes do río Narla.

O alcalde, José Ángel Santos, destacou a necesidade de levar a cabo esta obra, "porque as actuais instalacións tiñan máis de 40 anos e estaban xa moi obsoletas". Ademais, o rexedor mostrou a súa confianza en que os traballos estean finalizados coincidindo co inicio da tempada de verán de 2021.

Este recinto conta con máis de 40 anos de vida, polo que tanto o edificio central que alberga bar e restaurante, como as piscinas presentaban deficiencias en canto a seguridade e filtracións de humidades.

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es



*Hijos de
Ramón Rubal*

982 55 86 00

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

MÁS DE 80 AÑOS COMPRANDO MADERA

**COMPRAMOS
MADERA**

PINO Y EUCALIPTO

**VENDA SU MADERA SIN SALIR DE CASA
LLÁMENOS NOSOTROS NOS ENCARGAMOS DE TODO**

ASERRADERO Y EXPLOTACIÓN FORESTAL



Camión grúa. O Concello de Guitiriz recibiu o camión grúa vasculante adquirido a través do Plan Único da Deputación cun orzamento de 88.572 euros. A grúa deste vehículo está equipada con cesta e pinza convertible en culler e permitirá que os operarios municipais poidan levar a cabo dun xeito moito máis áxil moitos dos seus traballos.

Parga luce nun mural dunha fachada unha fotografía de 1956

Unha imaxe do día da inauguración do campo de fútbol de Parga, no ano 1956, cubre desde hai uns días a fachada dun edificio desta parroquia. O Concello cofinanciou, xunto coa copropietaria actual do inmovible, o pintado deste mural apostando pola renovación estética do espazo público a través da arte urbana.

A creación, titulada *Máis ca unha dama*, é obra do coñecido artista coruñés Joseba Muruzabal. A propietaria púxose en contacto con él para ofrecerlle a súa fachada e o Concello decidiu aceptar a proposta para completar o orzamen-

to ao considerar a alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, que “debemos contribuír a este tipo de iniciativas que axudan a renovar e mellorar a estética do espazo público, que é de todos”.

Escolleuse unha fotografía do día da inauguración do campo de fútbol de Parga xa que a muller que aparece na imaxe, Dolly, é unha tía da copropietaria actual do edificio. Paralelamente, o Concello organizará o 19 de agosto, día no que se celebra o 64 aniversario da fotografía, un acto de recoñecemento ás persoas que estiveron presentes no acto de inauguración do campo.

Estudantes do IES gañan un premio de investigación

Un grupo de alumnos do IES Poeta Díaz Castro de Guitiriz veñen de facerse co subcampionato do mundo no oitavo D3Mobile Metrology World League, un certame internacional de escaneado 3D de precisión con tablet e teléfono móbil convocado polo grupo de investigación Cigeo da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Agrupados baixo o nome de Miguelanxinos, o equipo formado por Juan López Fernández, David Sanmiguel Vázquez e Iria Rodríguez Carreira, obtivo o título na modalidade de Metrólogos.

Pero no foi este único título que se

levou o grupo, xa que obtivo o premio da categoría Fundación Mujeres, co que se rende tributo a mulleres no mundo da arquitectura ou a enxeñería cun traballo sobre María Dolores Norte Gómez, a primeira muller española enxeñeira de Minas. Os rapaces crearon o necesario modelo 3D e deseñaron o obxecto para recrear unha serie de pedras en equilibrio en alusión ao labor da homenaxeada. Se Miguelanxinos dominou a categoría da Fundación Mujeres. Os rapaces tiveron que lidiar coa suspensión das clases cando se atopaban realizando as probas.

A veciñanza pide a reapertura total do centro de saúde de Parga

Centos de veciños de Guitiriz reclamaron en varias ocasións á Consellería de Sanidade a reapertura total do centro de saúde de Parga con mobilizacións en Parga, Lugo e Guitiriz.

Nestas manifestacións estitveron respaldados polos dirixentes do Concello de Guitiriz, ao fronte dos que estivo a alcaldesa, Marisol Morandeira, o equipo de goberno local e membros da corporación para reclamarlle ao Sergas que “cumpra a súa palabra”. A última concentración foi unha cadea humana na que participaron 500 persoas.

O consultorio, que se pechou ao inicio do estado de alarma para centralizar a atención en Guitiriz coa promesa de retomar a súa actividade cando este finalizase, só está a abrir os martes e os xoves para levar a cabo extraccións de sangue.

Pola súa banda, representantes veciñais que, ante o argumento de que o consultorio non cumpre as medidas de seguridade requiridas, trasladaron unha oferta que recibiron dunha empresa de Madrid para instalar en Parga un módulo prefa-



Concentración dos veciños ante o centro de saúde de Parga

bricado dos utilizados no hospital de campaña instalado en Ifema.

Estas infraestruturas contan cun espazo de triaxe e unha sala para que o persoal sanitario se poida cambiar e desinfectar se teñen que atender a un paciente con sospeita de coronavirus. A Comunidade de Montes de Parga expresou a súa intención de sufragar o coste do módulo, valorado en 6.000 euros anuais, e a alcaldesa de Guitiriz amosou a vontade do Concello de botar unha man no que fose necesario.

Desde o Sergas pediron que se lles

enviase a proposta por correo electrónico para poder valorala.

“A empresa di que en tres días podería estar aquí o módulo e simplemente sería conectarlle luz e auga polo que agora a pelota volve a estar sobre o tellado do Sergas e teñen que mover ficha. Todos as escusas que foron poñendo van desmontándose”, destacou Marisol Morandeira.

A próxima semana continuarán as mobilizacións. A data e a ubicación aínda non están pechadas e anunciaranse nos próximos días.

O Diario Oficial publica a aprobación definitiva do Plan Xeral de Guitiriz

O Concello de Guitiriz está a piques de substituír as actuais normas subsidiarias vixentes desde o ano 1985 polo Plan Xeral de Ordenación Municipal (Pxom), do que o Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou a aprobación definitiva.

O pasado 1 de xuño a alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira; a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez; e a directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Encarna Rivas, firmaron na Casa Habanera a orde de aprobación definitiva.

Este é o paso previo para a súa entrada en vigor xa que, como se indica na orde, para iso o Concello deberá publicalo no Boletín Oficial da Provincia e tamén terá que ser subido á páxina web de Planea-

mento Urbanístico.

A partir dese momento o Pxom será o que guíe aos veciños e veciñas de Guitiriz e marque o desenvolvemento e o crecemento urbanístico da vila. Marisol Morandeira lembrou que “pouco a pouco, iremos presentando modificacións puntuais ao Plan que o farán máis completo e permitirán subsanar, dunha forma máis áxil, os aspectos nos que se atope desactualizado”.

DETALLES DO PLAN. Desde o punto de vista do solo urbano, o Plan Xeral xerará novos espazos para o desenvolvemento directo en Guitiriz e Parga. Estes executaranse a través do propio Pxom ou ben por medio de figuras interpostas como plans especiais co obxectivo de ir compactando os núcleos urbanos.

Un dos elementos máis importantes que permitirá o documento de ordenación aprobado hoxe é o recoñecemento dos núcleos. Pola tipoloxía do territorio foron lugares sumamente complicados de ordenar e, feito o traballo, agora poderán desenvolverse.

En canto ao parque empresarial, favorece a súa consolidación ampliando a superficie para que poida acoller novos proxectos. Para as zonas libres e verdes reserva 92.519 metros cadrados e, para equipamentos comunitarios, outros 49.820 metros cadrados.

O Pxom de Guitiriz supón o primeiro recoñecemento da súa singular estrutura territorial, tan achegada á comarca da Terra Cha á que pertence, desde o mundo do planeamento.

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES

SEOANE

O gato con botas

zapatería

C/ Plácida Peña, 8 - Baño
27800 Vilaalba (Lugo)
Telf. 982510590

A Aula Cemit celebrará unha nova edición de Verán Dixital

A Aula da Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica da Xunta de Galicia, Rede CeMIT, do Concello de Guitiriz celebrará unha nova edición de Verán Dixital. Esta actividade da Aula CeMIT Guitiriz desenvolverase entre os meses de xullo e agosto, en horario de 10:00h a 11:30h, e está destinada aos cativos e cativas de entre 9 a 12 anos de idade.

A Rede CeMIT configúrase como o instrumento fundamental para promover a alfabetización dixital da sociedade galega. Ten como obxectivo

potenciar actuacións relacionadas co desenvolvemento da actividade económica, empresarial e da implantación dos servizos electrónicos, titorizando a cidadanía con maiores dificultades e proporcionándolles os medios e ferramentas necesarios para poder formar parte activa da Sociedade da Información.

Para inscribirse ou pedir máis información sobre a citada actividade poden dirixirse á Aula CeMIT de Guitiriz, chamar ao teléfono 982.370.062 ou enviar un correo electrónico a cemit.guitiriz@xunta.gal

Volve a Aula da Calma no verán

O Concello de Guitiriz abre o prazo de inscrición para a Aula da Calma dirixida a nenos e nenas e adolescentes que se desenvolverá durante os meses de verán e que terá unhas características especiais adaptadas á crise sanitaria actual.

Levarase a cabo do 23 de xullo ao 27 de agosto todos os martes e os xoves a partir das 12 horas na Casa Barxa. Alí, os participantes practicarán mindfullness na natureza,

ioga, atención plena, diversión, música, relaxación e habilidades de afrontamento.

O prazo para anotarse remata o 20 de xullo e haberá dos grupos: de nenos e nenas a partir de 6 anos e de adolescentes a partir dos 12 anos. A inscrición poderase formalizar a través da sede electrónica, por correo electrónico en info@concellodeguitiriz.com ou de xeito presencial pedindo cita previa no teléfono 982 370 109.

Abre o inscrición do servizo de conciliación para o novo curso

O Concello de Guitiriz abriu o prazo para enviar as solicitudes para participar durante o curso escolar 2020-2021 en Guitiriz Concilia, o servizo de conciliación municipal da vida laboral e familiar.

Esta actividade levarase a cabo no Ceip Lagostelle e hai a opción de Guitiriz Madrugador de 8 a 9:30 horas para atender aos nenos e nenas antes da entrada na escola e Guitiriz Tardes de 16 a 19 horas para o horario posterior ao colexio. Nos meses de xuño e setembro polas tardes comezará ás 15:15 horas.

As crianzas poderán participar nas propostas de actividades que se levan a cabo, xogar nos diferentes recunchos que se ofrecen ou realizar as súas tarefas e estudar se así o desexan. Favoreceranse actividades e propostas relacionadas co xogo grupal e non competitivo, relacionadas coa igualdade e o respecto pola natureza.

O prazo para presentar as solicitudes finaliza o 31 de xullo e o servizo iniciárase o 15 de setembro. As familias interesadas poden presentar a documenta-



ción requirida a través da sede electrónica municipal, no correo electrónico info@concellodeguitiriz.com ou de xeito presencial con cita previa no 982 370 109.

Debido á situación excepcional xerada pola covid-19 o número de prazas e ratios pódese ver modificado ou alterado. No caso de que existan máis solicitudes que prazas terase en conta: familias nas que ámbolos membros parentais estean a traballar, familias empadroadas no Concello de Guitiriz e familias en situación de especial vulnerabilidade.

BREVES

RUTA BTT. O club Btteiros Cova da Serpe de Guitiriz anunciou a cancelación da VI Ruta que se ía celebrar como é tradicional no mes de setembro, concretamente o día 5. A organización decidiu suspender esta proba pola situación de "incertidume e cambios" tras finalizar a fase de desescalada e co obxectivo "de preservar a saúde dos participante se a calidade da organización do evento". A proba volverá o próximo ano.

CANTERÍA. A Comunidade de Montes de Parga decidiu en común acordo co Concello a suspensión da Feira da Cantería, que todos os anos ten lugar na segunda quincena de xullo e que o ano pasado cumpriu un cuarto de século de vida. Segundo indicou o presidente da comunidade de Montes, José López Rodríguez, "coas novas normas que vén de publicar a Xunta é imposible poder manter un control". Os organizadores aseguraron que a feira volverá convocarse o próximo ano.

VIAXE A CERCEDA. O Concello de Guitiriz organiza unha excursión ao parque acuático de Cerceda o venres 17 de xullo. As persoas interesadas poderán inscribirse de luns a venres no horario de 8,30 a 14,30 horas. O prazo remata o 15 de xullo. Á actividade poderán apuntarse a mocidade entre os 8 e 18 anos.

Inviste en Friol

CONCELLO DE FRIOL

Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol

outeiro de rei

Os nacionalistas critican o servizo de recollida de lixo

O BNG de Outeiro de Rei vén de facer unha denuncia nas redes sociais na que pon de relevancia o estado no que se atopan os contedores amarelos e verdes do termo municipal, arredor dos que hai “moreas de lixo, unha situación que se está a converter en habitual en todas as parroquias”, din.

Aseguran os nacionalista que hai uns meses o alcalde de Outeiro

traballara para que a empresa que recolle o lixo en Outeiro estendera os seus servizos á toda a mancomunidade, e partir de aí, “os contedores empezaron a verse cheos e o servizo a empeorar de forma moi alarmante”.

Aseguran que os contedores amarelos seguen escaseando “e non sabemos onde vai o lixo que alí se deposita”, ademais cada vez vese máis a amontoado.

O PSOE pide melloras na rede eléctrica da zona da Palloza

A voceira Socialista de Outeiro de Rei, Carmen Acacio López, criticou o “ninguneo que sofren as veciñas e veciños da Palloza” polo alcalde da vila. Concretamente aludiu ás melloras de electricidade que esta impulsando o Goberno Municipal para adecuar o circuíto de Robra.

Acacio explica que “a día de hoxe fixéronse obras para colocar un transformador nos arredores da urbanización da Palloza, máis ou menos a 50 metros dunha das vivendas, ademais dos postes que xa están instalados. Pero as veciñas e veciños deste núcleo non poden desfrutar destas vantaxes con este novo subministro eléctrico para así poder dar saída ao problema que levan arrasando desde hai vinte anos”, dixo.

A voceira Socialista sinala que o Goberno mantivo unha xuntanza cos veciños das Penelas, “pero agora comprobamos que veciñanza da Palloza é marxinada e evitan dar solucións prácticas a grave problemática”. Acacio fíxose eco das demandas dos veciños que se puxeron en contacto co Grupo Socialista de Outeiro de Rei para denunciar esta situación. Por todo isto Acacio emprazou ao alcalde a que “deixe de marear a perdiz e que se poña traballar por todas as parroquias sen distinción, por iso demandamos que xestione melloras na rede eléctrica da Palloza. Porque os veciños de Outeiro de Rei non merecen ter un subministro eléctrico terciomundista, merecen uns servizos do século XXI”, resumiu.

O Concello dará axudas para adoptar cans abandonados

O Concello de Outeiro de Rei convoca unha liña de axudas para todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que desexen adoptar algún dos cans abandonados, recollidos e custodiados polo Concello na Residencia canina Garatuxa.

Este programa concede axudas polo importe de 100 euros por cada can adoptado.

Os cans adoptados están en perfectas condicións sanitarias, correctamente desparasitados e vacinados. Así mesmo teñen o microchip

correspondente.

Os beneficiarios destas axudas asumen o compromiso de non abandonar ao can e de mantelo en boas condicións de benestar animal, fornecéndolle unha alimentación correcta e dispensándolle os coidados necesarios.

As solicitudes presentaranse a través dun formulario para entregar no rexistro do Concello de Outeiro de Rei e o prazo de presentación das mesmas terminará o 31 de decembro de 2020.

Novo prazo para participar no programa de prácticas laborais

O Concello de Outeiro de Rei porá en marcha no mes de setembro unha nova edición do programa Deseñando o teu futuro, unha iniciativa destinada a mozos e mozas do municipio con idades comprendidas entre 16 e 18 anos que lles permite aproximarse ao ámbito socio-laboral facilitándolles unha experiencia durante 5 días nalgúnha das empresas do municipio que colaboran con este proxecto.

As persoas participantes, mediante a realización de tarefas acordadas coa empresa, e sempre baixo supervisión dunha persoa responsable, poderán adquirir unha serie de competencias, habilidades e cualificacións que complementen o seu desenvolvemento persoal e formación.

Esta iniciativa está previsto que se



Estas prácticas organizanse os últimos anos

desenvolva do día 7 ao día 14 de setembro; de luns a venres realizaranse as estadias na empresa seleccionada e a iniciativa complementaranse o día 14 cunha visita, previsiblemente ao viveiro industrial de Outeiro de Rei; neste caso, o desprazamento será orga-

nizado polo Concello de Outeiro de Rei e realizarase en autocar. O resto de desprazamentos á empresa seleccionada correrán a cargo dos participantes que recibirán a tal fin unha axuda de 20 euros por día de asistencia; esta axuda tamén será de aplicación ao día da visita.

Aprobado o proxecto de da glorieta na N-VI



O proxecto da nova glorieta aprobado polo Mitma

O Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana (Mitma) aprobou o expediente de información pública do proxecto de trazado de Mellora de seguridade viaria mediante implantación de glorieta na intersección do km 513,670 da N-VI, no termo municipal de Outeiro de Rei. As obras teñen un orzamento estimado de 365.472 euros. A resolución inclúe unha serie de prescricións como resultado das alegacións e que deberán incluírse no proxecto de construción.

A actuación proxectada consiste na transformación en glorieta da actual

intersección en T, da estrada N-VI coa estrada autonómica LU-115, mellorando a súa funcionalidade e seguridade viaria, permitindo axustar a velocidade media do tráfico ao seu paso pola travesía e dispoñendo de novos cruces peonís seguros nos tres accesos á glorieta. Como resultado da información pública, modificárase a localización do paso de peóns na LU-115 para evitar retencións. Así mesmo, contéplase a reposición de itinerarios peonís, paradas de autobús, elementos de drenaxe, sinalización, iluminación e outros servizos que resulten afectados.

EN BREVE

MARCELLE E AVIFAUNA. Tras meses pechados, o parque zoológico de Marcelle abriu as súas portas xa con horario de verán manténdose unha serie de normas para garantir a seguridade sanitaria dos visitantes. Así, só me permiten grupos de máis de dez persoas e non estará aberto o servizo de restauración. Lembran a necesidade de uso de máscaras, o pago con tarxeta e non porán a disposición dos visitantes mesas, sillas e bancos.

PODOLOXÍA. O Concello de Outeiro de Rei informa que as persoas maiores que desexen pedir cita de podoloxía para o mes de setembro (iniciativa Coida os teus pés), o poderán facer a partir do día 7 de xullo e durante todo o mes. Ao igual que outros anos, esta iniciativa non funcionará durante o mes de agosto.

CONVIVIO. A tradicional celebración do Convivio quedou aprazada ata setembro, aínda que non se sabe cal será a data definitiva escollida. Dende a organización aseguran que o formato variará para aco-llerse ás novas normas sanitarias.



Abrindo as portas: o rexurdir do turismo

A Deputación organizou uns encontros de turismo dentro da campaña EN LUGO, SI para favorecer a reactivación do sector

A Deputación de Lugo organizou ao longo do mes de xuño os encontros telemáticos *Abrindo as portas: o rexurdir do turismo*, unha nova acción da campaña EN LUGO, SI que a institución puxo en marcha para impulsar o tecido económico provincial ante os efectos da pandemia da Covid-19.

Este ciclo reuniu, en cinco sesións distintas, a representantes dunha vintena de asociacións de profesionais e de empresas, da sociedade civil, de entidades que traballan polo desenvolvemento do sector e de organismos oficiais con competencias neste ámbito.

Cos foros *Abrindo as portas: o rexurdir do turismo* a Deputación quixo escoitar as necesidades do sector e as súas perspectivas sobre a reactivación do turismo, facilitar a adaptación con garantías a todo o que esixe a nova normalidade na actividade hostaleira e turística e compartir a visión dos retos e oportunidades que ofrece o novo escenario para o sector.

De feito, a deputada de Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, subliñou que destas xornadas se extraeron fundamentos sólidos e as claves para afrontar o futuro do turismo post-co-

As garantías sanitarias, a cooperación para a promoción e a aposta pola profesionalización son claves para a recuperación do turismo

vid-19. “Estou segura de que cos axustes necesarios a provincia de Lugo consolidarase como un destino seguro, capaz de manter ou incluso de incrementar a confianza que xa xeraba no mercado nacional e internacional”, asegurou. A deputada apuntou que “percibimos un moderado optimismo, varias asociacións manifestaron que as reservas son tímidas para xullo, pero en maior grao para agosto e setembro, un optimismo que vai ligado á seguridade sanitaria, o tema transversal de todas as citas”. Ademais, quedou palpable que “é preciso establecer colaboracións público-privadas, así se fixo ver, para compartir información e traballar xuntos para harmonizar as ofertas”.

García Porto salientou que cómpre



Representacións dos sectores turísticos na provincia de Lugo, arqueolóxico, gastronómico, etnográfico e natural



tamén impulsar a profesionalización do sector, que foi outra das conclusións obtidas: “Pecharlle as portas ao intrusismo non é só unha necesidade económica, senón tamén un modo de contribuír a xerar seguridade entre os clientes”.

A primeira sesión consistiu na ponencia *A sostiabilidade e a confianza como claves para reactivar o turismo*, dirixida polo xefe da área de Turismo Sostible da Secretaría de Estado de Turismo, Ricardo Blanco Portillo, quen incidíu na necesidade de aplicar boas prácticas no sector turístico que xeren confianza no conxunto da cidadanía no novo escenario post-covid-19, e por iso referenciou guías con medidas hixiénicas-sanitarias elaboradas pola institución pública á que pertence, e que están dispoñibles de xeito gratuíto para o sector.

Na segunda xornada dos encontros participaron o presidente da Asociación Galega de Albergues Privados, Miguel Ángel Rodríguez, o presidente da Asociación Galega de Axencias de Viaxes, Juan Antonio Ribadulla, o presidente da Asociación Galega de Empresas de Turismo Activo e Natureza, Agustín Rico, o presidente da Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería de Lugo, Cheché Real e a representante da Asociación Profesional de Guías de Turismo de Galicia, Beatriz Pérez.

Todos eles valoraron a importancia de manter o sector turístico unido neste novo escenario tras o confi-

namento e constataron que están preparados para facer fronte á nova normalidade post covid-19.

Na terceira sesión, que reuniu a representantes de institucións que traballan polo desenvolvemento do sector e da sociedade civil, interviñeron a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez; o presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, Alberto Varela Paz; o presidente da Mancomunidade de Municipios da Mariña, Francisco Cajoto; o presidente do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, Luis Fernández Guitián; a delegada do Plan Xacobeo e Comisaria do Xacobeo 2021, Cecilia Pereira; o presidente da Federación Veciñal Lucus Augusti, Jesús Vázquez Varela; e o presidente da Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago, Manuel López.

Os poñentes coincidiron na necesidade de crear sinerxías entre as diferentes administracións, implicándose e traballando de maneira conxunta, co fin último de facer fronte a esta nova realidade e así poder reactivar os sectores económicos.

Na cuarta xornada tomaron parte a presidenta da Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia, Dulcinea Aquín; o xerente da Asociación de Balnearios de Galicia, Benigno Amor; o presidente da Federación Galega de Comercio, José María Seijas; o representante da Federación Galega de Turismo Rural, Francisco Xabier Almuíña, e a presidenta da Asociación de Profesionais do Turismo de Galicia, Fátima Cachafeiro.

Os participantes manifestaron sentir unha actitude positiva cara a

temporada de verán. Consideran que agosto e setembro serán meses con boas cifras de ocupación para a provincia de Lugo e puxeron o foco nas novas oportunidades que se xeran para o territorio lucense como lugar seguro e sen masificacións.

A quinta e última xornada estivo focalizada no sector hostaleiro e nas medidas que debe adoptar para devolver a confianza na cidadanía. Estivo protagonizado por Cheché Real, presidente da Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería de Lugo (APEHL); José Luis Yzuel, presidente de Hostelería de España; e David Domínguez, director de Horeca Data e Proyecto Hostelería Segura. Os poñentes destacaron a importancia de seguir sumando esforzos para devolver a confianza aos clientes.



Terceira sesión da reunión virtual con representantes de diferentes institucións

O Concello presenta a listaxe de obras e actuacións ás que destinar o Plan Único

O Concello de Xermade presentou a solicitude de participación no Plan Único de cooperación cos concellos para o ano 2020, correspondente ás bases aprobadas pola Deputación de Lugo. A cantidade asignada ao municipio con cargo a este plan é de 306.454,43 euros, dos cales o Concello decidiu adicar a investimentos 205.520,67 euros (o 67,06% do plan), e o resto aos programas de cultura, deportes, SAF, Protección Civil, fomento de emprego e gastos correntes derivados da covid-19. Tanto no programa de investimentos como no resto de programas se inclúen actuacións que afectan a todas as parroquias do municipio, co obxectivo de mellorar as condicións de vida e os servizos de toda a veciñanza.

En investimentos destínanse 220.845,87 euros, dos cales a partida de maior transcendencia destínase á mellora do firme en Buscalte, Roupar, Bidueiras, Souto, Aguillón, Pena, Corveira, Sanche, Leboré, Folgueiras e Seixido que teñen 91.310 euros de orzamento total.

Ademais investírase na reforma da escola unitaria de Cazás, a mellora de equipamentos en Momán e no polideportivo de Xermade, reposición de lumanarias en Lousada, Burgás e Cazás, novos nichos no cemiterio e mellora de beirarrúas en Roupar e na zona de xogos infantís de Xermade.

Para o Servizo de Axuda no Fogar destínanse 23.403,58 euros e para o programa de Fomento do Emprego irán 59.578,14 euros.



Imaxe da antiga escola unitaria de Casás-Casavella, que se reformará

Tamén haberá partidas máis pequenas para o VI Premio Xermade na Historia, o programa de deporte escolar e de envellecemento activo, equipamento para Protección Civil

e para sufragar a compra de máscaras, luvas e produtos desinfectantes, así como a adaptación dos locais públicos para a protección contra o covid-19.

Adxudicadas obras pendentes do 2019

A Xunta de Goberno Local adxudicou á empresa José No Mantiñán e Hijos Construcciones SA, o contrato de obra reparación de estradas en Roupar de Abaixo, Aveás, A Veiga, As Folgueiras, Castiñeiras, Bidueiro, etc., por importe de 70.790,56 euros e 14.886,02 euros correspondentes ao IVE, o que supón un total de 85.656,58 euros e ampliación de garantía de catro anos, consonte á oferta presentada.

As obras teñen que estar rematadas antes do 30 de setembro de 2020, segundo as bases do Plan Único 2019.

O investimento está financiado pola Deputación de Lugo, con cargo ao Plan Único 2019. A baixa na licitación ascende a 30.051,81 euros que, sumada ás baixas das outras dúas licitacións, suman un total de 47.842,45 euros que serán destinados a financiar outro investimento para a mesma finalidade.

O Encontro de Torneiros da Madeira deste ano será virtual

O que ía ser o XX Encontro Internacional de Torneiros da Madeira cambiará de formato este ano debido á situación sanitaria que atravesamos o país porque, como indicou a organización “hai que poñer a seguridade das persoas ante todo”. Engadiron que coas condicións das instalacións “fai difícil manter totalmente as medidas de prevención ao 100%” polo que decidiron que este ano non se faga de forma presencial.

Así a intención é facer a exposición de pezas de forma virtual utilizando para elo as novas tecnoloxías das que dispoñen. Así, estiveron preparando a web para acoller o evento de forma dixital. Avanzaron tamén que non haberá exhibición en vivo do torneado. “Confiamos que para o ano a situación estea máis controlada, que sexa máis fácil manter as condicións de seguridade”, concluíron.

Abre o prazo para inscribirse no campamento de verán

O concello de Xermade pon en marcha un ano máis, e tal como xa anunciara, o campamento de verán Xermade Cocilia para facilitar o acceso das nenas e nenos do termo municipal a un tempo e espazo de ocio e diversión. O fin é poder axudar ás familias a conciliar a súa vida familiar e laboral neste período estival.

O campamento realizarase desde o luns 27 de xullo ata o venres 14 de agosto, en horario de 10:30 a 14:00 horas e con horario de madrugadores desde as 8:00 da mañá, se existe un número de familias que o soliciten.

As inscricións faranse no Rexistro do concello (planta baixa), por estrito orde de inscrición. O número de prazas é de 50.

O prazo de solicitudes estará aberto



to ata o 10 de xullo. No caso de haber máis solicitudes que prazas ofertadas, aplicarase un procedemento de valoración.

Campamento subvencionado pola UE e a Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral da Igualdade. Os interesados en informarse poden facelo nos teléfonos 982 501 001 e 678 744 178 ou no correo educadorafamiliar@xermade.org.

O Concello convoca un concurso para os alumnos do colexio

O Concello de Xermade convidou a todo o alumnado do Ceip de Xermade a participar nun certame de creación artística escrita e gráfica, no que expresen a forma de ver a actual situación xerada polo covid-19: como viviron o confinamento, as fases da desescalada, ou como se imaxinan o futuro.

Só por participar, todos recibirán como agasallo un vale de 20 euros para gastar en material escolar. Ademais, establécense tres categorías de premiados con tres gañadores.

Así, para o alumnado de infantil e primeiro curso de primaria o concurso será de debuxo e os premios oscilarán entre os 50 e os 20 euros.

En conto galego haberá dúas categorías, dende segundo a cuarto, e unha segunda cos maiores. Haberá neste caso tres premios tamén con vales de 70, 50 e 25 euros.

A participación para o concurso estará aberta do 1 ao 20 de xullo e os traballos hai que entregalos no propio concello. A entrega realizarase o 17 de agosto.

O PP reclama medidas concretas para os afectados polo covid-19

O Grupo Municipal do PP intereseuse no último pleno ordinario por coñecer se o goberno local tiña claro como materializar as propostas que os populares lle trasladaran a través dun rogo no pleno anterior co obxectivo de axudar aos veciños e veciñas ante esta situación de emerxencia. Lamentan, nese sentido, a “falta de interese do goberno local por establecer axudas para os veciños máis desfavorecidos pola situación de emerxencia da covid-19 e devolver as taxas cobradas aos negocios máis afectados polo peche de actividade”. O voceiro do PP de Xermade, Antonio Riveira, explica que “o único que aportou o Concello para contribuír a paliar a crise do coronavirus no noso

municipio foron os 4.296 euros que se dirixirán ás familias máis prexudicadas e que se obteñen do aforo ás arcas municipais.

Tamén trasladaron diversas queixas dos veciños en relación á xestión de espazos de titularidade municipal coma nos puntos de recollida de plásticos no campo da feira de Momán ou no monte dos Patelos en Candamil onde se acumulan residuos; así como peche do depósito de auga situado nas inmediacións do campo de fútbol de Cazás ao que agora non poden acceder.

Pediro tamén á Deputación Provincial o acondicionamento do treito AG-64 – A Touza da estrada LU-P-22069 (Cabeiros - A Touza).

TAPAS

CAFÉS

A TABERNA DE PANCHO

DESAYUNOS

RACIONES

CENAS

TOSTAS

PINGHOS

BOCADILLOS

Avenida de Galicia N°15-17 bajo. (As Pontes)
Tlf: 981074524

O Fogar de Maeloc organiza rutas de sendeirismo no verán

O Hábitat Cultural Fogar de Maeloc da Pastoriza recupera a súa actividade cultural organizando unha serie de rutas de sendeirismo baixo o título *Camiña Pastoriza* todos os sábados dos meses de xullo e agosto. Estas rutas contarán coa opción da comida nun entorno natural ou na cafetería. Están preparadas para todas as persoas, pois poden adaptarse en función do grupo. Os interesados en recibir máis información e apuntarse poden facelo no 622 913 968. O programa comezou coa Ruta da Auga, que une Baltar e Fonmiñá, pasando polo Castro de Saa e o día 11 continuarán coa ruta Galicia Máxica de Maeloc que inclúe visita ao CIM de Bretoña, Couto da Ouruxeira, onde se celebrou o Lugnasad. As rutas iranse alternando cada sábado ata finais de agosto, aínda que poden modificarse en función das necesidades do grupo ou do clima.

Rematan os traballos da quinta escavación no Castro de Saa

A pasada semana remataron os traballos correspondentes á quinta fase da escavación do Castro de Saa, organizados polo Concello da Pastoriza. Segundo as primeiras análises, estanse a ofrecer uns "resultados moi interesantes". Neste mes de escavacións foron clasificados varios achados importantes tanto en utensilios domésticos como de cerámica e muíños.

Ademais, durante a escavación, os arqueólogos atoparon un habitáculo de 26 metros cadrados. Así mesmo deduciron que hai dous espazos diferenciados no edificio e que un deles indica que podería ser un lugar de traballo.

A fronte desta quinta campaña estivo de novo o arqueólogo Emilio Ramil, responsable tamén das anteriores expedicións. Mentres este ano centráronse na zona da esquerda da



Unha imaxe dos últimos días das escavacións

entrada principal ao recinto habitacional o ano pasado centráronse no paramento da muralla e parte dunhas construcións que formarían parte da arquitectura do castro.

Na campaña, que durou todo o mes de xuño, traballaron 10 persoas,

dous arqueólogos, un técnico especializado en fotogrametría, catro peons auxiliares de arqueoloxía, un arqueólogo que se ocupará do estudo e inventario do material atopado, unha restauradora e un auxiliar de restauración.

EN BREVE

PAI. O Concello ten aberto o prazo de solicitudes de praza no punto de atención a infancia da localidade. Estará aberto o prazo de matrículas novas ata o 17 de xullo. A inscrición pode realizarse nas oficinas municipais previa cita telefónica, no rexistro electrónico do Concello ou a través do correo electrónico administracion@concellolapastoriza.es presentando documentación.

CAMPAMENTO. A Anpa do colexio O Salvador da Pastoriza e A Chintofanería de Pol celebrarán un ano máis un campamento de verán co título Educación na Natureza. Este terá lugar entre o 15 e o 31 de xullo, de 10.00 a 14.00 horas dispoñendo de servizo de madrugadores dende as 9.00 horas. Os interesados en anotarse teñen de prazo ata o 10 de xullo e poderán facelo solicitando o formulario no teléfono 650 032 194. O prezo para a quincena completa será de 90 euros pero poderá facerse por día soltos a dez euros ou por semanas con prezos entre 25 e 45 euros.

Reabre o CIN de Bretoña, que ampliará instalacións e material

O venes 3 de xullo abriu de novo o museo de Bretoña, que está a piques de cumprir o primeiro ano de vida no que xa contabilizou arredor de mil visitantes. Este centro recupera o horario de apertura os venres, sábados, domingos e luns.

Segundo avanzou o alcalde, Primitivo Iglesias, este verán se incorporarán novos elementos ao cartel expositivo do centro, que non serán só relixiosos como ata o de agora senón tamén será o lugar no que se ubicarán os novos achados do Castro de Saa, así como dous coitelos da época,

contas de doas, pedras de muíños e outros achados. A intención é ubicalos nun dos locais dos baixos.

"Estamos estudando outras mellores para facer un centro de interpretación de diferentes materiais para que abrangue non só temas relixiosos, senón tamén a historia da zona dende o punto de vista arqueolóxico e probablemente etnográfico", explicou Iglesias. Así mesmo, o piso alto será destinado a exposicións, conferencias e actos públicos. Segundo indicou o alcalde, nese piso alto falta o mobiliario, que se porá en breve.

O obradoiro de emprego fará dúas rutas de sendeirismo

O obradoiro de emprego da Pastoriza reanudou o seu traballo tralo parón ocasionado polo coronavirus. Segundo avanzou o alcalde da localidade, Primitivo Iglesias, a acción do mesmo estará encamiñada ao medio ambiente e a limpeza de espazos naturais, "en especial dalgúns sendeiros". Os primeiros esforzos irán destinaados á conclusión das obras de acondicionamento da ruta de senderismo de Bretoña e a iniciar unha nova na Rigueira.

Neste segundo caso traballarán no percorrido que hai entre A Rigueira e o miradoiro do alto do Rodeiro, que termina ao lado do parque eólico, desde onde se divisan os montes que separan esta comarca da da Mariña. O obxectivo é poder rematala o antes posible.

Así mesmo, finalizarán os traballos na senda de Bretoña, tamén de dificultade media, e que chega ata o alto de Tarracedo, Campo de Lá, dende onde se divisa parte da costa.

FESTAS. A comisión de festas de Bretoña e a de Pastoriza para o ano 2020 decidiu cancelar as festas que estaban programadas para a penúltima fin de semana de agosto e para a primeira de setembro, respectivamente. En Bretoña, queda cancelada tanta a venda de rifas como a viaxe prevista para o día 12 de setembro. Os que xa as teñan poden ir devolvellas no lugar onde as compraron. En Pastoriza aprazan todo para a próxima edición.

FESTIVAL DA CHAIRA. A organización do Festival da Chaira acordou non celebrar este ano os 15 anos desta cita cultural da comarca e esperar ao 2021 para facelo con total seguridade sanitaria.

PROMEDISA®
SUMINISTROS MÉDICOS

tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

AYUDAS TÉCNICAS • ORTOPEDIA

- AYUDAS PARA LA VIDA DIARIA
- DESCANSO
- ASEO DIARIO
- MOVILIDAD
- GRÚAS
- EMERGENCIAS
- DIAGNÓSTICO

COMPRA ONLINE
www.promedisa.com

AVENIDA DE LA CORUÑA, 104 BAJO - LUGO T. 982 245 715
AVDA. TERRA CHÁ, 50 BAJO - CASTRO RIBERAS DE LEA T. 982 310 374

Av. de Lugo, 89
FRIOL 27220 Lugo
982 238 000
info@comarcadelugo.gal
www.comarcadelugo.gal

GDR 4 comarca de
Asociación para o
Desenvolvemento
Rural da **lug**

2017-2020 El GDR Comarca de Lugo hace balance del trabajo realizado en los últimos cuatro años



Casi 5 millones de euros en proyectos para impulsar el medio rural de Lugo

El Grupo de Desarrollo Rural Comarca de Lugo nació en el año 2016 con el objetivo de gestionar los fondos europeos de los programas Leader-Feader dentro del PDR 2014-2020, pero poco a poco se han ido buscando nuevas actividades y alternativas para el medio rural.

El GDR Comarca de Lugo comprende 7 municipios de la provincia de Lugo: Friol, Outeiro de Rei, Rábade, Castroverde, Guntín, O Corgo y la zona rural de Lugo, con una superficie total de 1.250,49 Km².

GDR 4 comarca de
Asociación para o
Desenvolvemento
Rural da **lug**

Cuatro años de iniciativas empresariales y divulgativas

Desde el año 2017 el Grupo de Desarrollo Rural Comarca de Lugo colaboró en la puesta en marcha de 20 proyectos con una inversión de 3.397.357,35 euros, que supusieron la creación y consolidación de 72 puestos de trabajo.

Por tipologías de proyectos, desde el año 2017 se apoyaron **13 proyectos productivos** (iniciativas empresariales) que invirtieron 4.302.559,88 euros y recibieron 2.091.306,05 euros de ayudas Leader. Se apoyaron además **7 proyectos no productivos** promovidos por entidades públicas y privadas que invirtieron 905.238,53 euros y obtuvieron 626.059,24 euros de ayudas Leader.

De los 7 ayuntamientos que forman parte del GDR Comarca de Lugo, Friol es el que concentra una mayor inversión con 2.251.540,72€, seguido de Outeiro de Rei, con 900.242,67€, Castroverde 690.846,92€, O Corgo con 322.833,81€ y el municipio de Guntín con 137.131,76€.

Por número de proyectos, el ayuntamiento de Friol también está a la cabeza con 8 proyectos, seguido de Castroverde con 4, Outeiro de Rei y O Corgo con 3, y el ayuntamiento de Guntín con 2 proyectos.

PROYECTOS PRODUCTIVOS:

2 Sector turístico
2 Sector agroalimentario convencional y ecológico
6 Sector servicios
2 Comercio al por menor
1 Energías renovables

NO PRODUCTIVOS (entidades públicas)

3 Servicios sociales
2 Infraestructuras públicas

NO PRODUCTIVOS (entidades privadas)

2 Mejora calidad de vida población rural (actividades lúdicas y de formación)



La Junta Directiva

Para lograr la consolidación del GDR Comarca de Lugo en los últimos 4 años ha jugado un papel fundamental la Junta Directiva y los socios del grupo, ya que trabajan todos por y para este proyecto, tomando las decisiones por unanimidad y con transparencia, creyendo en el trabajo de los Grupos de Desarrollo Rural, con una visión conjunta y de futuro.

La Junta Directiva está formada por representantes de los concellos que forman el territorio y otras entidades sociales y económicas de la comarca: José A. Santos (Concello de Friol), José Pardo (Concello Outeiro de Rei), María José Gómez (Concello de Guntín), X. Francisco Fernández (Concello de Rábade), Marcos Trashorras (Concello do Corgo), Asociación Ponte Cabalar, Asociación de Jóvenes Empresarios de Lugo, Asociación Polígono Industrial de Rábade, Cooperativa Violeta, Asociación Andarela, Asociación Águeda, MMVVCC San Mamede de Nodar, Asociación Santa Isabel.



Av. de Lugo, 89
FRIOL 27220 Lugo
982 238 000
info@comarcadelugo.gal
www.comarcadelugo.gal

ENTREVISTA José Ángel Santos Sánchez, Alcalde de Friol y Presidente del GDR Comarca de Lugo

«Es necesario el apoyo de todas las administraciones y no desaprovechar el actual interés de la población por invertir y residir en el medio rural»

El GDR Comarca de Lugo se marca como reto principal el fomento de la diversidad y prosperidad de las zonas rurales con los fondos asignados en el periodo 2014-2020 y luchar por un incremento en la adjudicación de fondos para el periodo 2021-2027.



OBJETIVOS

«Hemos de dignificar el rural entre todos»

¿Necesita el rural un cambio de imagen?

Hemos de dignificar el rural entre todos, eliminando tópicos y creando leyes con una visión especial en favor del ámbito rural, adaptadas a cada sector y a cada momento. No se pueden exigir las mismas condiciones para montar una pequeña quesería que para una fábrica que produce millones de litros; o en momentos de confinamiento no se puede tratar por igual la situación en el rural que en lo urbano.

A partir de ahora y para el nuevo periodo 2021-2027, ¿qué se plantea?

Nuestra primera meta es gestionar los fondos adjudicados para esta cuarta convocatoria en su totalidad, pese a las dificultades económicas generadas por el Covid-19. Tenemos en marcha 11 proyectos de promoción del territorio que esperamos ejecutar en las anualidades 2020-21. Y seguiremos trabajando en todas las ideas que aún no se han podido ejecutar, apoyando proyectos turísticos, sociales, de cooperación, de fijación de población y cooperación entre territorios.

ENTREVISTA: GDR4

El Grupo de Desarrollo Rural Comarca de Lugo nace en el año 2016 como asociación para promover el desarrollo rural de la comarca de Lugo e implantar proyectos empresariales de toda índole. El alcalde de Friol, José Ángel Santos, es el presidente del GDR desde entonces.

¿Qué objetivo se ha marcado como presidente del GDR?

En un momento en el que lo rural está en boca de todos, desde nuestra Junta Directiva, pilar fundamental del trabajo llevado a cabo hasta ahora, creemos que debemos saber aprovechar esta oportunidad, para que no se quede en una simple moda pasajera. Hemos de aprovechar la metodología Leader y su enfoque participativo local, donde lo más importante son las personas, conociendo las inquietudes y problemas de sus habitantes.

Una metodología de trabajo, ¿que sigue vigente y es operativa?

Rotundamente sí. La metodología Leader lleva aplicándose 30 años, es un ejemplo de actuación

y desde Europa se sigue apostando por ella. Nosotros defendemos que sea la gente del territorio rural la que decida cuál es su futuro. Cubrimos un aspecto del desarrollo rural al que no llega absolutamente nadie. Existen lugares con tanta despoblación que somos los únicos que están tratando de sacar adelante pequeños proyectos, desde un sendero o una señalización.

¿Todo el desarrollo rural converge en la metodología Leader?

Es un pilar fundamental, pero no el único. El programa Leader no soluciona todos los problemas del mundo rural, sino que hay que apostar por un enfoque integral y transversal. Tenemos que defender un proyecto más allá del Leader y ser reivindicativos en muchos más asuntos. Cuando alguien decide vivir o implantar su proyecto en un pueblo, por mucho que se ofrezcan subvenciones y oportunidades, se trata de un proyecto de vida personal,

«El programa LEADER no soluciona todos los problemas del mundo rural; hay que apostar por ver ese enfoque integral y transversal»

por lo que afecta a la sanidad, educación, servicios sociales, conectividad, comunicaciones...

¿Cree en los Grupos de Desarrollo Rural como el futuro de las soluciones del medio rural?

Con su método de trabajo, los GDR son vitales para la revitalización del medio rural. Pero debemos trabajar todas las Administraciones bajo un mismo paraguas y no convertirnos en simples tramitadores de ayudas. Si lo conseguimos, el rural ganará en todos sus ámbitos de forma exponencial.

El trabajo realizado desde el GDR4 en estos cuatro años ¿se acerca a lo esperado inicialmente?

Partimos como grupo completamente renovado y sin experiencia en esta gestión, pero el trabajo realizado, gracias a la colaboración de todos nuestros socios y la implicación de la Junta Directiva, ha superado todas las expectativas. En las tres primeras con-

vocatorias ejecutamos todo el presupuesto asignado desde Agader, financiando proyectos, dinamizando el territorio, asesorado a la población en general y poniendo en valor nuestra comarca.

¿La baja influencia del Covid-19 en los territorios rurales afectará a la labor de los GDR?

Sin duda, ya que la forma de trabajar y de vivir ha cambiado. El coronavirus ha activado los pueblos y el panorama es más favorable para el turismo rural y de interior como opción más segura y menos masificada para familias. Que se vive mejor en el rural que en un pequeño apartamento en la ciudad es una realidad que ha calado durante el confinamiento. Hoy miles de personas trabajan desde casa, y ese trabajo puede hacerse desde cualquier lugar del país. Se ve que los pueblos han aumentado su número de habitantes y el comercio de proximidad está funcionando más. Pero para aprovechar este interés en poblar el campo hace falta solucionar grandes carencias, procurar servicios de todo tipo: sanidad, educación, servicios, cultura, vida social...



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA,
Y ALIMENTACIÓN



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



agader
AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL



Descobren en Viladonga un bronce do século III a.C

Veñen de concluírse no Castro de Viladonga as investigacións que confirman o achado dunha pequena machada votiva de bronce asociada a rituais de sacrificio. A devandita peza, de apenas 13 cm. e 22 gramos de peso, foi atopada nas escavacións arqueolóxicas correspondentes á campaña 2019-2020, durante os traballos no alxibe monumental. No fondo, sobre as escaleiras de acceso ao depósito aparecía unha peza de bronce asociada a outros materiais, principalmente cerámica, ósos e restos de carbón. As análises do material orgánico recollido na campaña anterior confirmaron que se trataba dunha construción castreña prerromana do século III a.C., anterior polo tanto á construción da muralla do poboado. A peza poderá ser contemplada en breve neste museo. O bronce é unha gran descuberta pola escaseza destas pezas e a súa profusa e complexa decoración. Así, no colgante desenvólvense moitos dos elementos comúns a estas pezas, como a propia machada, os sogueados ou o torques, ademais dun prótomo de touro, un xabaril, e un prótomo de carneiro.

A mellora das beirarrúas

Axudican as obras de Castro de Rei e rematan as de Ribeiras de Lea

As obras de ampliación e mellora de beirarrúas na estrada autonómica LU-113 (Rozas-Abadín) no Concello de Castro de Rei remataron. En concreto nun treito de 1,2 quilómetros entre o casco urbano de Castro Ribeiras de Lea e as proximidades do cemiterio de Duarría. Os traballos xa executados consistiron na renovación integral das beirarrúas, incluíndo espazos de nova construción, con novo pavimento con baldosa hidráulica e con adaptacións que garanten a súa accesibilidade para persoas con mobilidade reducida e tamén, grazas ao pavimento táctil, o uso por persoas invidentes. O investimento ascendeu a 266.500 euros. Tamén se introducíron varias medidas complementarias, como a construción dun novo paso de peóns sobreelevado á altura da factoría do Grupo Sada e a substitución das varanda e das barreiras de seguridade por outras novas. Tamén se mellorou a sinalización vertical e horizontal, entre outras melloras. Ademais, iniciouse a tramitación do proxecto de ampliación, que suporá a renovación de beirarrúas nun qui-



Unha imaxe das novas beirarrúas en Castro Ribeiras de Lea

lómetro máis de estrada, dende o núcleo urbano cara á saída en sentido Abadín, en concreto entre os puntos quilométricos 5,070 e 6,000.

CASTRO DE REI. A Xunta adxudicou a redacción do proxecto de construción de beirarrúas na estrada LU-133, en Castro de Rei. Este contrato, adxudicado á empresa Enurcoin S.L. por preto de 15.000 euros, conta con seis meses de prazo.

As beirarrúas executaranse ao longo de preto de 1 km, no tramo da estrada comprendido entre os puntos quilométricos 5+070 e 6. O obxectivo

é continuar a mellora realizada nesta vía, de modo que se completen as actuacións recentemente rematadas de renovación entre os puntos quilométricos 3+820 e 5+070, ao longo de 1,2 quilómetros.

As obras xa finalizadas consistiron na ampliación e mellora de beirarrúas entre o casco urbano de Castro Ribeiras de Lea e as proximidades do cemiterio de Duarría.

Os traballos centráronse na renovación integral das beirarrúas, con novo pavimento e adaptacións que garanten a súa accesibilidade para persoas con mobilidade reducida.

Restaurados os cruceiros de Bendia e Ponte de Outeiro

O alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado, avanzou que o Concello encargárase da restauración de dous cruceiros centenarios, concretamente os situados nas parroquias de Bendia e Ponche de Outeiro coa finalidade de conservar o patrimonio local. Segundo explican, o obxectivo é recuperar tamén a coñecida como cruz de Quintela, en Santa Comba de Orizón. Para todo isto empregáronse fondos propios. Os traballos consistirán na reparación da base do cruceiro de Cornide, de finais do XIX e localízase nun antigo camiño real, así como o seu fuste, que agora mesmo está torcido.

En Ponte de Outeiro, traballan na reposición do cruceiro, que foi derrubado polo golpe dun camiión.

Balado explicou tamén que o seu desexo é rehabilitar a cruz de Quintela (Cruz da Casa do Galán ou cruz do Cruceiro), un elemento datado a finais do século XVIII, cuxo estado de conservación tampouco é bo.

Tanto o cruceiro de Cornide, que está numerado, como o de Ponte de Outeiro, que se cambiou varias veces de sitio e lembra unha morte, son obra da familia Carboeira.

Proxectan a mellora do servizo de auga en oito parroquias de Castro

Augas de Galicia, organismo dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, investirá preto dun millón de euros na mellora do abastecemento de auga ao núcleo de Castro de Ribeiras de Lea, así como ao seu polígono industrial. A Xunta está a desenvolver un proxecto que implica a mellora das instalacións do depósito procedente de Quintela, do que se surten tamén outras sete parroquias de Castro de Rei, Bendia, Loentia, Duarría, Matodoso, San Xiao de Mos e Triabá.

No 2016 xa se firmara un convenio para proceder a unha segunda canalización dende Quintela ata Castro, que nunca chegou a construírse pero agora as necesidades son maiores debido ao aumento de poboación, o crecemento do parque empresarial ou a carga gandeira da zona, onde se atopan o centro de recría da granxa Gayoso Castro e tamén outras explotacións gandeiras.

Os traballos realizaranse en dúas fases e a primeira terá un orzamento de 628.000 euros e suporá o amaño

do 80% da problemática actual. O obxectivo é sacala a contratación a finais de 2020. Consistirían na construción de dous tramos de tubaxe de abastecemento de polietileno de alta densidade no núcleo de Castro de Ribeiras de Lea e nas súas inmediacións.

A segunda fase, cun orzamento previsto de máis de 355.000 euros, contempla a execución dun ramal que mellore a conexión co polígono industrial e o servizo aumentando o caudal e a presión.

A Xunta investirá 27.000 euros en melloras no Ramón Falcón



Unha imaxe de arquivo da inauguración da biblioteca

O Ceip Ramón Falcón de Castro de Rei recibirá un investimento de 270.000 euros para a realización dunha serie de melloras no centro. Do total que se destinará á obra, 250.000 euros irán a un proxecto de reforma sectorial que inclúe a renovación da iluminación por un sistema LED, que ten como obxectivo mellorar a eficiencia enerxética e reducir o consumo eléctrico, tal e como explicou o alcalde da localidade, Francisco Balado.

Ademais, entre as melloras figura tamén unha intervención no baixo cuberta para garantir o illamento do edificio, a substitución das dobres ventás e a mellora da accesibilidade, ademais doutros

arranxos. Neste centro, no que estudan preto de 80 alumnos realizáronse recentemente outras reformas como a renovación da biblioteca, os baños, o sistema eléctrico e a substitución das portas, cun investimento total que roldou os 80.000 euros. O centro, no que traballan 14 profesores, celebrou este ano o seu 45 aniversario.

Desde o goberno local destacan que o centro mantivo a matrícula nos últimos cursos e que este tipo de servizos é fundamental para fixar poboación e insisten na necesidade de ofrecer un centro en condicións para poder equipararse ao Veleiro do Campo.



castro de rei

Boing abre en Rozas o laboratorio de proba de voos

Castro de Rei acolleu a posta en marcha do laboratorio de proba de voos impulsado por Boeing no Centro de Investigación Aero-transportada de Rozas (CIAR).

Esta infraestrutura enmárcase no proxecto Galician Skyway, centrado na busca de solucións tecnolóxicas para a seguridade do tráfico aéreo no tripulado en espazos compartidos con aeronaves tradicionais.

Por outra banda, Indra e Babcock comezaron xa as obras de construción de senllos hangares dentro das instalacións aeronáuticas de Rozas e no marco da súa participación na Civil UAVs Initiative.

Indra constrúe un hangar de 2.000 metros cadrados, que suporá un investimento dun millón de euros. Mentres tanto, o hangar deseñado por Babcock, de preto de 700 metros cadrados de extensión, estará tamén destinado á investigación no eido dos uavs e supón un investimento de máis de medio millón de euros.



Estado no que se atopa a vía

O PSOE pedirá o amaño dun tramo da estrada á Pastoriza

Os socialistas de Cospeito levarán ao pleno as protestas veciñais polo mal estado no que se atopa a estrada que une Muimenta co Concello da Pastoriza, concretamente coa localidade de San Martiño de Corbelle. A vía está chea de fochancas. Como explica a súa voceira, Rosa Morán, “trátase dunha vía moi utilizada xa que moitos dos veciños do Concello veciño veñen comprar a Muimenta polo que é unha vía importante para o noso comercio”. Segundo explica, hai máis dun ano que se arreglou esta carretara con cartos do Plan Único. O tramo da

Pastoriza quedou rematado pero no tramo de Cospeito quedaron sen arranxar uns 700 nunha zona onde no hai vivendas.

“É un trozo pequeno de estrada e a xente estase a queixar moito por non falar de que para os comerciantes é un lastre xa que desanima a moita xente a achegarse a Muimenta”, engadiu Morán, quen tamén subliñou que hai outro camiño pero supón dar un rodeo.

A voceira propón que este ano se destinen tamén cartos do Plan Único para reparar este tramo tal e como se fixo co resto da carretera.

cospeito

A Deputación recupera as obras do polígono de Feira do Monte



Unha imaxe do estado actual do futuro polígono

As obras de urbanización do polígono industrial de Cospeito retomaranse neste mes de xullo.

As obras de urbanización do polígono de Feira do Monte están paralizadas desde setembro do 2019, e retómanse agora, unha vez que o Concello conseguiu a solución que tiña pendente de achegar para o vertido das augas pluviais e está xestionado a preceptiva autorización da Confederación Hidrográfica Miño-Sil. A Deputación solicitou así mesmo ante Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia autorización

para acometer os cruces na LU-111, de titularidade autonómica, para o entronque dos servizos municipais.

O investimento da Deputación neste proxecto é de preto de 1,3 millóns de euros. A día de hoxe, está executado aproximadamente o 10% da obra, correspondente ao movemento de terras. As obras que restan son a finalización do movemento de terras, as redes de saneamento, pluviais, abastecemento, alumeadado público, telecomunicacións, gas, centro de transformación e sinalización. O prazo de execución é de 5 meses.

begonte

Inaugurada a nova tempada no club fluvial de Begonte



Unha imaxe das instalacións do club fluvial

O club fluvial de Begonte inaugurou xa a nova tempada coa apertura do bar a mediados do mes de xuño. O bar ofrecerá durante o verán un servizo de bocadillos e racións, ademais de diferentes bebidas. Nesta ocasión e como ten que seguir facéndose, a inauguración tivo lugar respectando todas as medidas de protección fronte ao coronavirus e aproveitando para elo todas as posibilidades que ofrece a contorna.

Pola súa parte, o recinto do club retomou deste xeito as súas actividades e xa está aberto desde esa

data en horario habitual. A entrada terá un custe de 1,5 euros e o carné de socio familiar terá un prezo de 40 euros ao ano.

A club fluvial ten listas xa as pistas para os diferentes deportes e continúan coa zona de baño con calidade de auga excepcional.

O club fluvial abre este ano cunha nova directiva, xa que este mesmo ano cambiou de mans a dirección do mesmo cara a un grupo de xente moza do termo municipal.

O obxectivo dos mesmos é que o centro de ocio continúe sumando membros.

Colocan puntos de desinfección nos espazos e edificios públicos

O Concello de Begonte instalou varios puntos de desinfección en instalacións e espazos públicos dirixidos a extremar as medidas de seguridade e hixiene neste tempo de coronavirus.

Os usuarios poderán atopar estes sistemas de limpeza de mans nos centros de saúde de Begonte e de Baamonde, no Ceip Virxe do Corpiño, no colexio de Baamonde, no club fluvial de Begonte e no Cercud de Baamonde, así como en todas as



Punto de desinfección no parque

instalacións municipais.

Por outra banda, os parques infantís xa están abertos e contarán tamén con este punto de desinfección. Ademais, limparanos diariamente.

ANULACIÓNS. O Concello de Begonte e o club de fútbol sala acordaron suspender o tradicional campus mixto de fútbol sala e campamento de verán “por non poder garantir as condicións de seguridade recomendadas polas autoridades sanitarias”.

ATABERNA

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA CARTA

OLVIDATE DE TODO Y SABOREA BACIONES

REVUELTOS DE BARRIL ALCO PICA

HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERANO ENSALADAS SABOREAR TORTILLAS

PASTAS RAXO PATATAS

ALCO PARA COMPARTIR TAPAS

Segue aberto o prazo para as axudas do plan Revitaliza

O Concello de Meira mantén aberto o prazo de solicitudes para o programa Revitaliza o teu Municipio, polo que se ofrecen axudas directas de 600 ou 400 euros a aqueles comercios que se viron obrigados a pechar ou sufriron perdas de ingresos debido á crise provocada polo covid-19.

O modelo de solicitude está dispoñible na web municipal e estas deben facerse exclusivamente a través da sede electrónica municipal e ata o 20 de xuño.

Como explica a convocatoria destas axudas, a finalidade das mesmas é protexer e apoiar ao tecido produtivo e social de Meira constituído polas pequenas empresas formadas por autónomos.

Tendo carácter de subvención, será un procedemento de concesión en réxime de concorrencia competitiva para todo o mundo que cumpra as condicións, segundo a orde de entrada e ata esgotar a contía destinada a tal efecto, que é de 40.000 euros.

Para poder acceder a estas axudas requírese ser autónomo, micro ou pequena empresa, estar ao día nos pagos tributarios, estar de alta na Seguridade Social e Mutua, non ter incremento na facturación e non ter débedas.

A parte positiva é que estas axudas son compatibles con outras doutras administracións e serán aboadas cun pago único mediante transferencia bancaria.

Arrinca un servizo de recollida de enseres voluminosos

O Concello de Meira informou da posta en marcha dun servizo de recollida de enseres voluminosos que se desenvolverá o último venres de cada mes. O obxectivo deste servizo é facilitar aos veciños o ter que desprazarse ao punto limpo.

Recolleranse neste servizo mobles, electrodomésticos, cerámica sanitaria, etc., pero non se consideran voluminosos residuos de podas, pe-

rigosos, restos de animais, sanitarios ou clínicos e o lixo de recollida selectiva. Os interesados en que se lles recolla algún enser deberán comunicalo ao Concello no teléfono 982 330 102 con alo menos tres días de antelación á data de recollida.

Os residuos depositaranse no punto de recollida indicado polo solicitante e non poderán facelo antes do propio día da recollida.

O Concello manterá pechadas as instalacións e organiza un campamento de verán

O Concello de Meira vén de facer público un decreto no que declara a suspensión de varios eventos previstos para este verán "tendo en conta a situación sanitaria actual". Deste xeito, este ano non haberá carreira popular, festa da malla, comida anual de maiores e a xira, todos eles eventos que tiñan que celebrarse nos meses de xullo e agosto. Do mesmo xeito, afirma que non promoverá as festas populares.

Así mesmo, o Concello decidiu manter pechadas as diferentes instalacións públicas municipais, como o campo de fútbol, a piscina, o parque infantil, o parque biosaudable e o pavillón polideportivo.

O Concello lembra no decreto que "a saúde é o primeiro e desde este

Concello entendemos que é un aspecto da xestión que queremos garantir e coidar, polo que rogamos a utilización de máscaras e que garden as distancias de seguridade". Tamén, membros da organización das festas indicaron que este ano non haberá festas patronais.

O que si haberá será campamento de verán para menores de 4 a 13 anos. As actividades, que se desenvolverán de luns a venres, están fixadas en horario de tarde, de 16.00 a 20.00 horas, durante o mes de xullo, mentres que tanto en agosto serán polas mañás, de 10.00 a 14.00 horas.

As persoas interesadas poden solicitar máis información ou inscribirse enviando un whatsapp ao número 606 253 231.

A Deputación recibe a obra da futura residencia de maiores

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, a deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, técnicos da Deputación, e o alcalde de Meira, Antonio de Dios Álvarez, recibiron a obra do centro de maiores.

A residencia e centro de día público de Meira ocupa unha extensión de 3.312 m2, dos cales 734 m2 están destinados ao edificio. O terreo para esta obra atópase na rúa Grupo Escolar, no casco urbano da vila.

O edificio conta con planta baixa coas seguintes dependencias: vestíbulo, recepción, aseos adaptados, baños asistidos, despacho de dirección, sala de curas, rehabilitación,



Representantes do Concello e a Deputación visitando a zona

sala polivalente, sala de convivencia, sala de terapia, comedor, servizos de cociña, servizos de lavandería, vestiarios do persoal.

Na primeira planta, situarase o con-

trol de enfermería, baño xeriátrico e 14 habitacións con baño individual. Na segunda planta, haberá un local de apoio e outras 16 habitacións, polo que serán un total de 30.

A unión fai a forza

Un grupo de comerciantes recupera a antiga asociación empresarial

O tempo de confinamento obrigado por parte da pandemia de coronavirus serviu para reflexión de moitos dos negocios e autónomos. A unión fai a forza e eso sábeno moi ben en Meira xa que un grupo de empresarios vén de recuperar a antiga Asociación de Comerciantes, Empresarios e Autónomos, que levaba uns 20 anos inactiva malia ter sido unha das máis importantes a nivel provincial. Son cinco mozos do lugar os que tomaron a iniciativa que aínda que se viña xestando nas súas cabezas dende hai tempo foi co peche dos



seus negocios esta primavera cando lle deron o impulso que necesitaba para volver poñela en marcha.

O principal obxectivo deste grupo é recuperar a súa operatividade e comezar a organizar eventos e actividades. "Preténdese que todos os comerciantes, autónomos e empresarios da comarca de Meira teñan unha institución que os apoie e defenda os seus intereses de forma clara, honesta e sostible no tempo",

explican dende a xunta directiva.

A primeira fase do seu traballo será a de adaptar a antiga estrutura da asociación á Lei do 2002. O seguinte paso será a convocatoria dunha asemblea xeral para presentarse en sociedade, analizar o estado de contas e definir unha estratexia común. Así mesmo, en breve presentarán os formularios para preinscribirse.

A xunta directiva da iniciativa lembra que "queremos transmitir que todos os asistentes terán dereito a manifestar as súas inquedanzas e as súas propostas serán estudadas".

Adxudican dúas obras en Vilar da Corota e na área recreativa Río Barxa

O Concello de Meira vén de abrir o proceso de adxudicación de varias obras pendentes no termo municipal. Unha das primeiras en convocarse foi a das obras de mellora do pavimento e recollida de augas pluviais no núcleo de Vilar da Corota. Estas obras teñen un prezo final de 21.578,27 euros, dos que 3.744,99 corresponden ao IVE. Deses cartos, 16.313,17 euros corresponden a unha subvención da Xunta. O resto do orzamento estará a cargo municipal. As obras teñen un prazo de execución dun mes.

Tamén saíron estes días a adxudicación os traballos de renovación



Área recreativa Profesor Río Barxa

do pavimento na senda peonil na área recreativa Profesor Río Barxa, situado no centro da vila. Estas obras teñen un orzamento de final de 44.214,74 euros. As

obras executaranse con cargo as subvencións do Fondo de Compensación Ambiental. Estas obras terán un prazo de execución de dous meses.

Un verán diferente

O Concello non abrirá as piscinas, modificará as festas e terá 2 campamentos

O alcalde de Rábade, Francisco Fernández Montes, fixo un comunicado por redes sociais aos veciños, no que explica a decisión municipal de non abrir este ano as piscinas e anuncia unha serie de medidas.

Fernández Montes, que agradeceu o comportamento da poboación durante a pandemia, explicou que as normas que chegan dende a Xunta son moi dispares e que hai un alto risco de contaxio nas piscinas polo que decidiron non abrir este ano mentres non “esteá máis controlada a situación”.

Anunciou que malia esta decisión, os socorristas foron contratados igual e exercerán o seu traballo na zona do río Miño, concretamente na ponte de ferro.

Así mesmo, o alcalde anunciou que as festas non se celebrarán da forma tradicional e manterán as celebracións máis destacadas adaptando o

programa naquelas actividades que supoñan un menor risco de contaxio e evitando a concentración masiva da poboación.

CAMPAMENTOS. O Concello de Rábade organiza de novo este ano o programa Concilia en Rábade dous campamentos urbanos que terán lugar no mes de agosto. O programa desenvolverase cumprindo todas as garantías sanitarias e de seguridade que a situación actual esixe.

A pretensión do campamento é que os participantes acaden o maior desenvolvemento posible da súa capacidade creativa e que sexan partícipes da vida en grupo, favorecido polo carácter lúdico do contorno.

Desenvolveranse numerosas actividades ao aire libre e baixo cuberto con estadias no centro sociocultural, pavillón, campo da feira, campo de fútbol e centro das Insuas

O campus está dirixido a nenos de entre 4 e 12 anos en horario de luns a venres de 10.00h a 14.00h e o prezo é de 30 euros por todo o mes pero tamen haberá quendas semanais de 10 euros cada unha.

O concello organiza tamén un Campus de Patinaxe que terá lugar os días 31 de agosto e 1, 2, 3 e 4 de setembro no pavillón municipal en horario de 9.00h a 14.00 h.

Neste campus os nenos de 4 a 15 anos fará adestramentos de técnica de patinaxe e multideporte en patíns, xogos tradicionais e xogos con material alternativo. Ten un prezo de dez euros.

As inscricións poden facerse ata o 10 de xullo na Área de Cultura e Deporte do Concello. As prazas serán limitadas e por orde rigurosa de inscrición e os grupos, para cumprir coa normativa sanitaria serán de 9 pequenos por monitor.

Rábade acolle as finais da liga lucense de fútbol o día 11

O pavillón municipal de Rábade acollerá o sábado 11 de xuño as finais da Super-Liga Lucense de Fútbol e Super-Cegas Galegas en Movemento.

Esta proba tomouse tras unha reunión da organización e xogadores que acordaron por maioría rematar a liga os días 10 e 11 de xullo e escolleuse Rábade por ter un aforo grande no que poder cumprir coas normas de seguridade xa que todos terán que usar máscaras e utilizarán fútbols abertos.

Os play-offs serán como están no libro- calendario da liga, coas vantaxes para os primeiros clasificados. Sempre adaptándose a un día de xogo que ao final será como un gran torneo.



As probas darán comezo ás 12.00 horas cos play offs finais de Honra da liga lucense e ás 18:00 horas serán as Cegas galegas en Movemento.

BREVES

COLEXIO. A Anpa do colexio Otero Pedrayo renovou a súa directiva quedando como presidente da mesma Manuel Martínez Fernández; vicepresidenta será Andrea Sanmartín Cuquejo; tesoureiro, Pablo Díaz Atanes; secretaria, Zaida Álvarez Piñeiro, e vogal, Teresa Novo Veiga. Tamén se decidiu non cobrar a cota do mes de febreiro e a metade de marzo.

CONCURSO DE POEMAS. Oito poemas pasarán a formar parte do Poemario Rabadense que se publicará en breve. Trátase das pezas gañadoras do concurso organizado con motivo do Día das Letras Galegas no e que deixou como gañadores na categoría de nenos de 9 a 11 anos *Pesca*, *Slenterman* e *A137*. Entre os rapaces de 12 a 16 anos, o gañador foi *Feira*, seguido de *Coroa* e *Ola*. Na categoría de adultos, que se incluíu máis tarde a petición popular, os gañadores foron *Badeladas* e *Xosé Full*.

O Concello retoma accións para impulsar o Pxom

Membros do equipo de Goberno de Rábade mantiveron unha xuntanza coa Directora Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia para impulsar a reforma do Pxom nesta localidade.

“O Compromiso da Xunta con este proxecto tan necesario para o desenvolvemento de Rábade é fundamental e imprescindible, quedando este garantido pola propia Directora Xeral, en dita xuntanza”, declarou o alcalde da localidade, Francisco Fernández Montes.

O mandatario indicou tamén que esperan contar coa colaboración da Deputación Provincial, “comprometida no seu día, para en breves acometer este documento tan imprescindible para os rabadenses do futuro, e do noso territorio”.



Un dos xogos colocados

XOGOS INFANTÍS. O Concello sorprendeu á súa xente pequena coa instalación de diversos xogos infantís de chan na praza do Concello, Campo da Feira, praza de España e na praza do Ceip Otero Pedrayo. Estes xogos teñen como obxectivo que os pequenos disfruten do aire libre e ao mesmo tempo fomenten a súa creatividade, a imaxinación e que sirva como medio de socialización.

A Chintofanería organiza un campamento de verán

O grupo A Chintofanería celebrará este ano uns grupos de xogo na natureza co nome xenérico de Bosque Tribo, dirixido a nenos de entre 4 e 12 anos, en horario de mañá, e que se desenvolverá no bosque de Baíle.

Na búsqueda da conciliación familiar e o fomento do amor pola natureza, presentan esta iniciativa de permanencia no medio, con actividades de exploración, experimentación, construción, xogo libre e cooperativo, excursións... todo dende unha metodoloxía activa baseada nas emocións e relacións de respecto.

Da man de monitores especializados, con ratios baixas e cumprindo os protocolos de hixiene e seguridade organizan esta ac-



tividade que se desenvolverá en agosto. Os prezos serán de 220 euros por mes, 14 por quincena, 80 por semana e 20 euros para cada xornada. As prazas son limitadas polo que se recomenda a inscrición, que pode realizarse no correo contacto@achintofaneria.com ou no teléfono 678 864 818.

Programa para fomentar la adopción de animales de compañía abandonados



Macho, Amstaff
4 años



Machos, hermanos
Sirio e Orion
7 meses



Hembra, mix can palheiro
2 años

Todos los perros están en perfectas condiciones sanitarias, desparasitados y vacunados, además de contar con microchip.

El Concello de Outeiro de Rei, pone a disposición de todas aquellas personas físicas o jurídicas, una línea de ayudas para los que deseen adoptar alguno de los perros abandonados, recogidos y custodiados por este Concello, en la Residencia canina Garatuxa.

El importe de la ayuda, será de 100€ por cada perro adoptado
Presentación de solicitudes, en el registro del Concello de Outeiro de Rei, plazo hasta el 31/12/2020



abadín

Suspendidas as carrilanas e as festas de Moncelos

A situación sanitaria e o risco de contaxio trouxo a anulación dos descenso de carrilanas previstos para os días 18 e 19 de xullo nas localidades de Meira e Abadín.

Polo de pronto, ambas as dúas competicións trasládanse para o próximo ano, concretamente para os días 18 e 19 de xullo de 2021. Para Abadín ía ser esta a XIX edición mentres que para Meira sería a segunda.

Ademais, a comisión de festas de Moncelos do 2020 comunicou a suspensión das festas patronais nesta parroquia de Abadín ante a situación derivada da crise sanitaria do covid-19.

As celebracións tiña como data prevista o 25 e 26 de xullo e polo risco de contaxio, a comisión, que cita a todos os veciños para o ano 2021, decidiu non celebralas este ano.

O Concello destinará o Plan Único a asfaltados, contedores e o SAF

O alcalde de Abadín, José María López Rancaño, anunciou as obras que se sufragarán con cargo ao Plan Único da Deputación, que se aprobará estes días por parte da entidade municipal. A partida presupuestaria da entidade provincial ascende a 335.452 euros para un grupo de accións que ascenden en total a 350.777,21 euros, dos que o concello aporta resto, 15.325,20 euros.

O groso da partida irá destinado ao acondicionamento de camiños municipais. Nunha primeira partida realizarán traballos en vías das parroquias de Fanoi, Ende, Corvite e Seivane de Vilarente por un importe total de 82.425,60.

Unha segunda acción tamén irá



José María López Rancaño

para os camiños municipais en Fanoi, Ende e Galgao, tamén con 81.329,04 euros de orzamento. Finalmente, nunha terceira partida de 77.193,62 euros destinarase

ao acondicionamento de estradas en Abeledo e Seivane de Vilarente.

Por outra banda, o Concello destinará tamén 98.571,20 euros ao suministro e instalación de contedores nas parroquias de Abadín, Abeledo, Graña, Aldixe, Goás, Baroncelle, Candia, Fanoi, Fraias, Galgao, Labrada, Montouto, Ende, Romariz e Vilarente. O Concello está a realizar o cambio de contedores desde hai uns meses en diferentes parroquias.

Finalmente para o Servizo de Axuda ao Fogar, destinarán 11.257,75 euros, unha pequena axuda que vai para un servizo que ten un orzamento anual de 600.000 euros anuais e que sufraga a Xunta.

O PSOE critica o estado de beirarrúas, rutas e accesos

O PSOE fixo públicas varias críticas sobre o estado no que se atopan pistas e beirarrúas tanto nas parroquias do rural como na capitalidade municipal que califican como “un exemplo máis da desidia do Goberno local”. “Lamentamos esta deixadez do Partido Popular e, máis concretamente, do concelleiro de Medio Ambiente que conta cunha dedicación parcial”, indican.

Os socialistas demandan tamén a implantación dun plan de limpeza que manteña as beirarrúas “nun axeitado estado de conservación” durante todo o ano.

Así mesmo, demandan máis atención sobre o “mal estado” no que se atopan os accesos a algunhas vivendas da zona rural do mesmo xeito que se fan eco dunha protesta veciñal polo “abandono” das pistas da concentración parcelaria de Fanoi.

muras

Suspenden a actividade cultural e anuncian axudas polo covid-19

O alcalde de Muras, Manuel Requeijo, decidiu suspender as actividades en todo o Concello en previsión polo rebrote de coronavirus detectado na Mariña e debido a que unha gran parte da súa poboación traballa nos concellos afectados.

“No noso caso, o concello non se ve afectado directamente pola orde, pero temos veciños e veciñas que si teñen o lugar de traballo nos concellos confinados, polo que ante a posibilidade de que estas persoas poidan contaxiarse no lugar de traballo é volver á súa residencia en Muras, e ante a falta dun protocolo de actuación da Xunta de Galicia para este caso, cómpre adoptar unha serie de medidas

preventivas co fin de asegurar a propagación de posibles contaxios en base ao principio de precaución e prudencia”, explica.

Neste sentido, decidiron suspender temporalmente todas as actividades e servizos municipais que supoñan o agrupamento de persoas, como as actividades deportivas e culturais, as autorizacións de uso das áreas de recreo, e todas aquelas similares. Entre as instalacións que non abrirán con esta medida está a nova piscina, que recibiu o Concello xa terminada e que terá que esperar a unha nova orde municipal. A obra consistiu na reparación do vaso de adultos e construción do infantil con orzamento de 110.000 euros.

AXUDAS. O alcalde anunciou que o Concello ofrecerá axudas a todos os veciños tralo paso da pandemia do coronavirus. Aínda non está claro o formato da axuda nin a contía pero estudarán distintas opcións para poder dar unha axuda “a todas as familias de Muras”.

Tal e como explicou, o Concello conta cun gran número de autónomos, propietarios de locais e gandeiros e agricultores, “e todos se viron afectados, xa sexa porque pecharon os locais ou mesmo pola baixada dos prezos dos produtos de primeira necesidade”.

A contía das axudas dependerá dos cartos que queden trala suspensión das distintas festas e eventos.



Unha imaxe da nova piscina de Muras

O Pleno aproba a regulación das axudas á natalidade

O concello de Muras aprobou en Pleno as bases para as axudas para frear a perda de poboación, axudas que se veñen dando nos últimos anos pero ás que lles faltaba un regulamento claro. Trátase dunha axuda que ascende a 300 euros en produtos alimentarios e farmacéuticos de primeira necesidade para uso do recém nacido, como si fose unha cesta de benvida.

Estas axudas solicítanse cando nace o neno polo que non teñen prazo establecido. Para optar a elas será imprescindible que os proxenitores estean empadroados en Muras desde, polo menos, seis meses antes do nacemento e comprometerse a seguir dous anos máis.

A convocatoria é compatible con axudas doutras administracións e supoñen un complemento a outras axudas, como as dá luz ou a estudantes, e a servizos como o PAI, que se dan neste Concello.

Na sesión plenaria tamén se aprobaron as dúas mocións de apoio aos traballadores de Alcoa presentadas polo BNG e o PP e sacaron adiante a proposta de expropiación forzosa de tres parcelas no Viveiro para a construción dunha depuradora, co PP en contra. Xa por unanimidade foron aprobadas tamén as bases para conceder composteiros e a modificación no plan de protección de camiños municipais afectados pola extracción de madeira.

FINALIZAN OBRA EN CALLE FOZ, 6
A 150 m da Praza da Constitución
Vivendas de 2 e 3 dormitorios

982 512 444 - 659 080 853 / www.folgueirasinversiones.com

Desexamos saúde e ánimo. Nunca choveu que non escampara!

AGRO

Prohibidas as queimas

A campaña de alto risco de incendios forestais en Galicia comeza hoxe e estenderase ata o 30 de setembro. Isto supón a suspensión das queimas, polo que quedou interrompida a tramitación das comunicacións para as queimas agrícolas, así como a dos permisos para as queimas forestais.

De cara a esta tempada de alto risco, a Consellería do Medio Rural lembra que existe un teléfono anónimo e gratuito para denunciar calquera actividade delituosa incendiaria da que se teña sospeita ou coñecemento: o 900 815 085. A Xunta pide a colaboración da sociedade denunciando este tipo de accións, a través do teléfono

ou directamente ante as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado. A maiores, o Goberno galego lembra que tamén está a disposición da cidadanía o servizo gratuito 085, ao que se debe chamar no caso de detectar un incendio forestal. Fállese tamén unha chamada a todas as persoas que se acheguen ao monte nestas datas para que extremen as precaucións e eviten calquera práctica que implique risco de lume.

Por mor do inicio do período de alto risco, refórzase o dispositivo establecido no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, Pladiga 2020.

Medio Rural dará axudas no sector a afectados polo covid-19

A Consellería do Medio Rural investirá 165 millóns de euros no seu Plan de reactivación e dinamización para facer fronte á crise provocada pola covid-19, dos cales 24 millóns de euros serán para axudas directas a produtores e pemes afectados por esta situación. Serán dun importe máximo de ata 7.000 euros por produtor e de ata 50.000 euros por peme.

O Plan de reactivación e dinamización que se porá en marcha contempla fortalecer a competitividade, impulsar a promoción e

comercialización e poñer en valor o labor dos sectores agrogandeiro e forestal no mantemento da vida e da paisaxe rural.

Este plan estrutúrase en cinco eixos de actuación entre os que figuran estas axudas directas aos sectores produtivos que proporcionarán asistencia de emerxencia aos produtores e ás pemes máis afectados. A Xunta está realizando un estudo de incidencia naqueles sectores máis afectados e, conxuntamente a el, publicarase unha orde de axudas específica.

ELISARDO BARCALA

Erlichiose

APUNTAMENTOS VETERINARIOS



Breixo González

Hoxe imos falar de unha enfermidade transmitida por carrachas e a que estamos vendo unha maior incidencia este ano a Erlichiose.

A erliquiosis canina é unha enfermidade de cans e humanos (unha zoonose) causada por unha bacteria do xénero *Ehrlichia*. No caso dos cans a bacteria chámase *Ehrlichia canis*. Esta bacteria transmítese pola picadura das carrachas (como a babesiose ou a enfermidade de Lyme).

A bacteria desenvólvese dentro dos glóbulos brancos, e, ao crecer e reproducirse destrúe a célula alterando o sistema inmune, tamén pode afectar á medula ósea. Todos os cans poden enfermarse con erliquia canina, con todo non poden transmitirla a humanos. A raza máis susceptible é o Pastor Alemán xa que pode chegar a morrer.

Na presentación crónica podemos ver que a *Ehrlichia* instálase na medula ósea, que é a zona no interior do óso que se encarga da fabricación das células do sangue. Isto afecta ás futuras células sanguíneas (glóbulos vermellos, brancos e plaquetas) e obsérvase, sobre todo, un descenso das plaquetas e en consecuencia problemas na coagulación. A *Ehrlichia* pode tamén instalarse no sistema

nervioso, as articulacións, os ollos ou os riles.

Os efectos de esa infección son sangrado, con frecuencia sangrado polo nariz; adelgazamento, febre, problemas para respirar debido á inflamación dos pulmóns, inflamación e dor das articulacións e coxeira.

Os síntomas relacionados con problemas do sistema nervioso serían convulsións, inclinación da cabeza, falta de coordinación, parálise, dor nos ollos, anemia (poucos glóbulos vermellos), trombocitopenia (poucas plaquetas) e insuficiencia renal. Nos casos agudos podemos ver que os síntomas empezan entre 1 e 3 semanas logo da picadura da carracha e adoitan durar 2-4 semanas.

Os síntomas máis frecuentes son inflamación dos ganglios linfáticos, debilidade, letargo, apatía e pouca actividade, falta de apetito, dificultade para respirar e inflamación (edema) das patas.

Podemos sospeitar que a nosa mascota padece esta enfermidade si ten algúns dos síntomas mencionados anteriormente e ademais se padeceu algunha picada de carracha con anterioridade. Pero debemos recordar que non é preciso que o can teña unha gran infestación de carrachas, unha única picada é suficiente, xa que logo, pode ser que poida pasar inadvertida.

Para determinar a presenza da enfermidade realizamos unha analítica que evidenciará anomalías no número de glóbulos vermellos, glóbulos brancos


e sobre todo plaquetas. En ocasións, pódese chegar a observar un parásito no interior dun glóbulo branco, pero non sempre é posible debido a que o organismo soamente pasa uns poucos días a nivel da circulación sanguínea. Para evitar ese falso negativo é recomendable realizar unha PCR para determinar a presenza de material xenético da erlichia no sangue da mascota. O tratamento da Erlichiosis baséase no uso dun determinado antibiótico, que vos prescribirá o voso veterinario, durante polo menos 21 días. Polo xeral, notaremos unha melloría ao cabo de 24-48 horas.

Segundo os síntomas que presenta o paciente darase tamén tratamento sintomático, por exemplo soro si o animal está deshidratado, e/ou transfusións sanguíneas se o animal ten unha anemia moi grave.

Algúns dos danos da Erlichiosis son debidos á propia resposta inmunitaria do can, como os problemas nas articulacións e o ril. Para evitalo, pódense administrar corticoides uns 2-7 días durante a etapa temprana da enfermidade. O tratamento na fase crónica da enfermidade é prolongado e o pronóstico destes cans é reservado debido á gravidade dos síntomas.

A mellor forma de previr a enfermidade é evitando os parásitos con tratamentos antiparasitarios e repelentes (mellor unha combinación de ambos que evita as parasitoses en dous frentes diferentes).

O meu primeiro día. Non me coñece ningún...



Web: www.ebarcala.com
Facebook: @ebarcala

A túa NOVA vida ben amoblada

GAÑA UN COCHE

Mercado en Mobelrias

PARTICIPA NO SORTEO

www.cochemobelrias.es

PLAmoble

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba




TERRA CHÁ

O coronavirus volve á costa lucense

Un brote na Mariña sobe os casos en dúas semanas de 17 a 147 na provincia de Lugo e illan a comarca para evitar a expansión

O brote de coronavirus na Mariña segue a crecer e fai ascender o número de casos activos na provincia a 143 (datos do 6 de xullo), cando unha semana atrás eran 47 e antes do brote, o 23 de xuño, estaban en 17. Non todos os casos son Mariña, xa que vinculados á costa hai 119, aos que se poden sumar as nove altas que se deron a persoas curadas. Dos 119 casos activos a maioría son asintomáticos ou presentan síntomas de carácter leve. Catro persoas con resultado positivo están ingresadas no Hospital Público da Mariña e a súa evolución é favorable. Do mesmo xeito, as persoas cuxas probas deron resultado negativo permanecen en seguimento no seu domicilio. A Consellería de Sanidade segue a investigar posibles contactos dos novos positivos que van xurdindo. No total da provincia hai 143 casos activos e un hospitalizado no Hula. Ademais, segue estable o número de falecidos, en 28, e hai 932 altas e un total de 1.103 casos no acumulado histórico. Mentres tanto, en Galicia o número de casos activos de coronavirus segue a baixar e é de 254. Deles 30 son



Fonte: Consellería de Sanidade

da área da Coruña, 143 da de Lugo, 3 da de Ourense, 2 da de Pontevedra, 61 da área de Vigo, 13 da de Santiago, e 2 da de Ferrol. Do total de pacientes positivos, 6 están en unidades de hospitalización e 248 no domicilio. Non hai pacientes positivos en UCI. Polo de agora, en Galicia hai un total de 10.808 persoas curadas, rexistrándose 619 falecementos. Os datos que ofrecen indican que Lugo ten a metade dos casos que hai en Galicia, cando foi unha das que máis baixas estivo

sempre en número de contaxios. Para frear o contaxio, puxéronse varias medidas en marcha como o peche da Mariña durante cinco días, o aumento da distancia social e a baixada do aforo permitido dos locais, ademais de que moitos alcaldes están tomando distintas decisións para protexerse como o peche de novo de parques e centros deportivos, aumentando a distancia nas praias e recrudecendo a vixilancia. **Segue a información diaria en:** www.terrachaxa.com

Sen visitas na residencia de Pol

Ante a evolución do rebrote do coronavirus na Mariña, a Deputación provincial decidiu suspender tamén as visitas e saídas nos centros de atención a maiores da súa titularidade na Fonsagrada e Pol como medida preventiva e de protección dos usuarios e usuarias e tras tomar esta

decisión días atrás nas da costa. Estas residencias xa estaban en fase 2 desde o 25 de xuño, ao inicio do brote na comarca mariñana. Tal e como explicou o Presidente, para reforzar a prevención e minimizar o risco de contaxio, a Deputación procederá á desinfección dos centros.

As normas da nova normalidade

Contaxiados. Illamento na casa nos casos confirmados ou sospeitosos. **Orquestras e bandas musicais.** Obrigatorio o uso de máscara e mantemento da distancia durante a actuación e ensaios, agás os vocalistas. **Actos de culto.** Un máximo de 1.000 persoas en exterior. Obrigada uso de máscaras e mantemento da distancia de seguridade. **Albergues, locais de xogo.** Aumentáse o aforo ata o 75%. **Eventos deportivos.** Deberán ser aprobados con asistencia cun máximo de 1.000 persoas. **Actividades infantís e xuvenís.** Limi-

tado ao 75% da súa asistencia habitual, cun máximo de 250 participantes en exterior e 150 en interior. **Praias e parques.** Cada usuario terá 3 m2. **Escolas de música e danza.** Todos usarán máscara na clase agás os que non utilicen instrumentos de vento. **Transporte.** Nos vehículos de ata nove prazas, incluíndo os condutores, poderán desprazarse tantas persoas como prazas teña o vehículo. **Lecer nocturno e verbenas.** Pode abrir pero con distancia de seguridade e uso obrigado de máscaras e restricción de aforo.

O ente provincial defende un modelo público de residencias

A Deputación de Lugo aprobou no último Pleno ordinario, cos votos a favor do PSdeG e o BNG e a abstención do PP, unha proposta presentada polos socialistas na que defenden un modelo de xestión pública e de proximidade das residencias, como o implantado nos centros de maiores de titularidade da institución. Na moción do PSdeG tamén se solicita que a Xunta reforce a sanidade

pública, tanto de medios humanos como materiais, para afrontar con garantías un posible rebrote da pandemia. O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, evidenciou con datos o modelo privatizador implantado pola Xunta no ámbito sociosanitario: por cada residencia pública hai catro privadas e, por cada 80 prazas privadas, só

hai 20 públicas. O tempo de espera para obter unha praza de residencia é de 453 días, segundo o Consello de Contas". "Pero incluso cando privatizan o fan mal, porque parten de custos asistenciais moi por debaixo da realidade, as ratios paciente/usuario é ridícula e prodúcese unha precarización salarial e da protección dos profesionais que traballan nas residencias".

A Deputación adiantará aos concellos os cartos dos pagos previstos ata setembro

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, informou dunha nova medida de apoio aos concellos da provincia para a saída da crise provocada pola pandemia. Trátase da decisión de inxectar outros 11 millóns de euros aos concellos adheridos ao servizo de xestión de impostos da institución, adiantándolles os pagos mensuais previstos entre xullo e setembro. Este importe súmase aos que xa lles adiantou en abril polos pagos do segundo trimestre. José Tomé subliñou que, con esta nova transferencia de recursos económicos, a Deputación "facilita liquidez aos concellos para que poidan afrontar con máis garantías a saída da crise ou para levar a cabo todas aquelas accións que consideren necesarias para atender á veciñanza e o tecido económico dos seus territorios". Esta decisión pon de relevo unha vez máis o firme compromiso do Goberno da Deputación de coope-

rar cos concellos: "É a nosa función esencial, e máis nestes momentos, nos que sobre todo os pequenos municipios dificilmente poden encarar as novas necesidades que están xurdindo, porque dispoñen de menos recursos. É aquí onde temos un papel clave, facilitando que dispoñan de recursos para atender á veciñanza", subliñou o presidente. O adianto, do que se benefician o 94% dos concellos da provincia, todos os que teñen delegada na Deputación a xestión e cobro de tributos, supón un importante esforzo de tesourería por parte da institución provincial. Ademais dos adiantos de pagos previstos entre abril e setembro, a institución aprobou o Plan Único 2020, que inxectará de maneira directa nos 67 concellos da 21,3 millóns de euros, e que foi adaptado polo Goberno para que os municipios poidan cubrir con 10,6 millóns medidas sociais e económicas fronte ao coronavirus.

JANSU VILALBA

Domingo Goás, 16 baixo
27800 Vilalba
Tel.: 982 510 367
651 577 247

Volvemos á normalidade, esperámoste!

DENDE 0 € - PREGUNTANOS COMO

JANSU VILALBA

FERRUGERÍA
FOTOFELACIÓN
TAXIWOBO ADULTOS - INFANTIL
DEFENSA PERSONAL
ZURBA ADULTOS - INFANTIL
CHOCOS TRAZHÉNE
T & X. SUSPENSIÓN M. P. S.
MOTOCICLO
INICIACIÓN RITMOS LATINOS
KARATE MANTENIMENTO SUAVE
ADESTRAMENTO PARA RAÍZES
ADESTRADOR PERSONAL

As propostas políticas para Galicia

O país prepárase para celebrar os comicios autonómicos que foron suspendidos en marzo pola chegada do covid-19



Alberto Núñez Feijoo

Partido Popular

- Reforzo sociosanitario ata a desaparición da pandemia, crear unha rede social de seguridade para as persoas máis vulnerables. Investir no sistema sanitario público para mellorar a calidade asistencial, crear un Plan Estratéxico de Saúde Mental, un de Oncoloxía, Plans locais de saúde e implantación da Hospitalización a domicilio.
- Plan de reactivación e dinamización económica con axudas a autónomos e pemes, impulso á innovación, e liñas de axudas.
- Recuperar emprego mediante o pagamento de prestacións, complementos salariais, e un novo programa de contratación.
- Apoio ao medio rural cun plan de liquidez, un plan de formación do agro, crear a Lei de recuperación e posta en valor da terra agraria e un plan de internacionalización. Campañas de promoción de produtos do mar, apoios económicos. Así como dotar ao rural de servizos de calidade como comunicación viaria, conexión móbil ou axudas ás vivendas.
- Adaptar o tecido produtivo e investigador ao cambio de modelo, cun Centro de Innovación Dixital, un Plan de adopción de tecnoloxías intelixentes.
- Formar á vindeira xeración con acceso á educación, financiamento das universidades e centros de arte, mellorar as bibliotecas e a oferta universitaria. Ademais poñer en marcha a Axencia de Emprego de Galicia.
- Apoio ás familias coa conciliación, aumentar os Puntos de Encontro e os Madrugadores.



Elena Candia



Gonzalo Caballero

Partido Socialista

- Plan de reactivación económica, co fomento do emprego, novo IGAPE e plan de apoio a pemes e autónomos.
- Acordo pola reconstrución económica e social de Galicia, co Plan Rexurbe.
- Fortalecemento da sanidade pública mellorando a atención primaria e pediatría, tendo un plan de saúde mentañ e máis camas hospitalarias e UCI.
- Reverter os recortes sanitarios con máis investimento sanitario, eliminando as privatizacións e a fin da precariedade laboral.
- Servizos sanitarios iguais en todo o territorio.
- Compromiso reforzado coa igualdade de xénero, creando unha Consellería de Igualdade, máis Centros de Información á Muller e máis recursos.
- Plan de adaptación e fortalecemento do ensino, poñendo libros de texto gratuítos, prazas gratis de 0 a 3 anos e un plan de dixitalización.
- Impulso ás universidades públicas coas primeiras matriculas de grao gratis e un sistema de axudas para mestrado
- Creación de 2.000 prazas públicas en residencias de maiores e máis centros de día.
- Nova política industrial e incremento do I+D+i.
- Compromiso co medio rural e mariño, apoiando á pesca e á industria así como creando unha axencia de desenvolvemento rural.



Patricia Otero



Pancho Casal

Mareas Galeguistas

- Unha Renda Básica Universal Incondicional. Políticas sociais que teñan en conta a fenda de xénero e prever a violencia.
- Unha Galicia ecolóxica e descarbonizada, con aforro e eficiencia enerxética, aposta polas renovables, xestión forestal sustentable.
- No rural avogan por restrinxir o eucalipto, reorientar a política gandeira e levar internet ao rural.
- Aposta polos servizos públicos de sanidade, educación ou servizos sociais. Reforzar a atención primaria, recuperar as residencias. Radio e televisión públicas.
- Promoven axudas e beneficios fiscais a empresas comprometidas.
- Redución progresiva da xornada laboral, aposta polo teletraballo, a flexibilidade laboral e a conciliación.
- Recuperar os impostos cedidos, crear unha Facenda propia, rebaixar os impostos aos produtos e actividades que melloren a saúde e o medio.
- Educación pública e de calidade e crear centros de investigación.
- Participación cidadá.
- Modernización e reforzo da inspección fiscal, ambiental e laboral.
- Propoñen transferir as competencias das deputacións a estruturas locais mancomunadas.
- Mellorar a conciliación familiar, a renda e a estabilidade de ingresos.
- Integración da inmigración e Reforma do Estatuto para ter unha carta de liberdades públicas e dereitos.
- Defender a lingua e a cultura e avanzar na binormativa ampliando relacións coa comunidade lusófona.



Iván Rodríguez Lombardero



Ana Pontón

Bloque Nacionalista

- Novo modelo de financiamento que permita xestionar os nosos impostos e marcar as nosas prioridades. Crear unha Banca Pública Galega que garanta crédito e apoio á economía real.
- Loitar contra a precariedade, actuando no campo do dereito de acceso á vivenda, da garantía pública do acceso aos servizos públicos e da comprensión do subministro de auga, luz e electricidade.
- Unha aposta clara polo coñecemento, reforzando a investigación, o I+D+i, a innovación e apostando pola volta do talento emigrado.
- A defensa e aposta estratéxica pola capacidade produtiva, poñer fin ao espolio enerxético, cunha Tarifa Eléctrica Galega.
- A defensa e blindaxe dos servizos públicos, reforzando a sanidade e a atención primaria e a atención á dependencia.
- A asunción da igualdade como prioridade política, cun investimento mínimo do 1% dos orzamentos á loita contra a violencia machista.
- Atención a emerxencia climática e as políticas medioambientais.
- O desenvolvemento dun modelo de mobilidade e transporte galego, creando unha empresa pública de tren de proximidade e a gratuidade das autoestradas galegas.
- A derogación do Decreto contra o galego no ensino. Esixir a transferencia de todas as competencias pendentes recollidas no Estatuto, pero con aspiración ao pleno recoñecemento de Galicia como nación con dereitos políticos.



Olalla Rodil



Antón Gómez-Reino

Galicia en Común

- O emprego como prioridade, creando unha Lei de Emprego e un Plan Especial, e facilitando o financiamento das pemes, autónomos e liñas de crédito a interese cero.
- Crear un plan específico de apoio ao sector agrícola e gandeiro sensibilizando á poboación sobre o consumo de produtos locais.
- Mellorar as condicións de seguridade sanitaria nas embarcacións e nas lonxas e axudas ás confrarías.
- Aumentar o orzamento en Cultura, achegala ao rural e crear a Lei Galega de Mecenado e Fondo Social.
- Implantar unha Renda Garantida da cidadanía con axudas directas e inmediatas.
- Un plan integral de vivenda cunha Lei. Aumentar o alugueiro social e paralizar os desafiuzamentos.
- Recuperar a Sanidade Pública, reforzar a Atención Primaria, e crear a Lei de Incompatibilidades.
- Educación pública, gratuít e inclusiva. Ademais de incrementar os fondos para a investigación.
- Servizos públicos e de calidade con internet universal e de balde, aumentando os fondos para a Lei de Dependencia e aumento das prazas públicas en residencias de maiores.
- Inclusión da perspectiva de xénero, acceso á interrupción voluntaria do embarazo, implantar protocolos de Atención Social Integral e desmantelamento das redes de trata.
- Combater a emerxencia climática, mellorando a rede de estradas, creando unha nova xestión de residuo, unha nova Lei de Protección da Paisaxe e Animal.



Miguel Anxo Fernán Vello

DEPORTES

Os clubs de fútbol prepáranse para a nova tempada

O CD As Pontes e o Rácing Vilalbés comunicaron como quedarán os equipos mentres comezan os anuncios nas categorías inferiores

CD AS PONTES. Trala marcha de Marco Roca, o CD As Pontes xa ten definido o equipo co que contará na nova campaña e que preside o adestrador Luis Santiago, ex de Cerceda, de Boiro, de varios equipos coruñeses xuvenís e das seleccións galegas inferiores. O conxunto que milita en Terceira división ocupaba antes da suspensión da competición unha das prazas de descenso pero ao desaparecer esa posibilidade terá unha segunda oportunidade o próximo ano. Continúan do ano pasado, de momento, o porteiro Paco, o lateral dereito Berto, os medios centros Gonzalo, David García e Daniel Pájaro, o extremo Rubén Pardo, o dianteiro Quique e o capitán, David Fernández Ramil.

Ata o momento hai varias novidades, a do porteiro David Martínez Bugy; o dianteiro Artai Miraz e o defensa Álex López, ambos procedentes do Galicia de Mugardos, e tamén regresa o media Punta Óscar La Magia Martínez, que xa estivera no club na campaña 2015-16, así como o seu irmán Adrián. Sumouse tamén o lateral esquerdo Borja Pita, dende o Rácing de Ferrol, e Vilela, formado nas categorías inferiores das Pontes. A última incorporación de Manu Moya, para apuntalar a defensa. Causan baixa o dianteiro aresán Carlos, cunha suculenta oferta



Arriba, o conxunto desta tempada do Vilalbés; á dereita, o novo adestrador do Meira, e abaixo, o CD As Pontes

do Bergantiños, o medio ofensivo viveirense Fidi, e o lateral esquerdo canteirán Álex Cabarcos, que marcha ao Somozas. Tampouco estarán Iván Pérez, Sergio Otero, Sánchez, Marcos Caridad, Maroñas, Dani Fernández, Javi Liz, David Pájaro e Breijo.

VILALBÉS. Trala renovación do adestrador do Rácing Vilalbés, Simón Lamas, o club fixo públicas as novidades para a próxima tempa-

da, na que seguirá en Terceira División, tras un final de Liga descafeinado por culpa do coronavirus. As caras novas que se presentaron este mes son as de Aitor, que xoga de extremo e que regresa ao club despois de tres tempadas no Ribadeo. Xunto a el estará o ribadense Dani Pedrosa como dianteiro, que chega procedente da UD Ourense. O club polo de pronto só comunicou dúas baixas, a do media punta Diego Rey e a de Álex Pérez.



merece a renovación dunha das pezas fundamentais do club, o utilero Chelino.

MEIRA FC. O Meira FC vén de comunicar que para esta tempada contará cun novo adestrador, o polense Ramón Labrada Cedrón Labrada. Este será o encargado de adestrar ao equipo na segunda autonómica. Con esta nova chegada, sae outro gran técnico, José Ramón López Pena, que pasou dúas tempadas cos xogadores no campo da Lomba.

POL. Outro dos equipos que xa ten definida unha parte importante do que vai ser o equipo a próxima tempada é o SD Pol. O conxunto avanzou varias fichaxes como as dos centrais Pablo Ruíz Rodríguez e Julio Camba Chao, o dianteiro Dani Roca Couso, o lateral Borja Castro Gutiérrez, o porteiro José Bruzos, os extremos Javi Fraga Pérez e Diego Fraga Fraga, así como Mauro Busi Asenjo, Samuel Quintela Abuín, Diego Núñez Redondo e Álvaro Álvarez Díaz. Ademais confirmaron a renovación de Santiago Esteban Sommariva, Borja Rasilla Corral, Lucas Basualdo Reydyó, Alejandro Rois Carroceda, Luis Fernández Alonso, así como a do capitán Iván González Rodríguez e do adestrador Fernando Corredoira.

A polémica do ascenso do Pol

O SD Pol vén de solicitar por escrito á Federación Galega de Fútbol que acorde o inicio dos expedientes sancionadores e disciplinarios contra a Agrupación Estudiantil de Orazo da Estrada e Vista Alegre de Santiago de Compostela pola ruptura uniteral por parte da Agrupación Estudiantil do acordo que tiña acadado con eles para que a SD Pol se fixese coa praza da Agrupación Estudiantil na Terceira División de Fútbol.

O vicepresidente da SD Pol, Lino Rodríguez Ónega, denunciou estes feitos “ilícitos ou cando menos merecedores de reproche institucional”.

O acordo verbal coa Agrupación Estudiantil de Orazo comezou en marzo cando iniciaron contactos entre as dúas directivas para acadar un acordo polo cal se asinase un convenio, polo que a SD Pol puidese ocupar o lugar que lle correspondería á Agrupación Estudiantil na Terceira División, xa que non estaban interesados en participar na devandita categoría.

Este acordo verbal, que “aparentemente iba en bo camiño”, conlevaría trasladar o domicilio social da Agrupación Estudiantil ao Concello de Pol, constituíndose ademais unha nova

directiva, quedando única e exclusivamente pendente a firma. Según Rodríguez Ónega, “como requisito esixido polo presidente da Agrupación Estudiantil fíxose entrega de 5.000 euros e confiando na boa fe da Xunta Directiva non se lle esixiu documento algún pola entrega”. O acordo, que se ía facer efectivo na primeira semana de xuño, rompeuse de forma unilateral pola Agrupación Estudiantil, o que motivou unha reunión de urxencia solicitada pola SD Pol, e na que se manifestou que “os motivos eran exclusivamente económicos e que tiñan ata o día seguinte



Unha imaxe do equipo do Pol desta tempada

para “igualar as condicións do novo acordo” e que tamén “o ofertaran ao Vista Alegre de Santiago de Compostela”, di Rodríguez Ónega. Por todo isto o vicepresidente da SD Pol solicita que “se inicien os expedientes sancionadores e disciplinarios que correspondan incluído se procede a prohibición de cambio de domicilio social e filiación da Agrupación Estudiantil a favor de Vista Alegre, e a ocupación do posto na Terceira División Autonómica”

EQUIPO XUVENIL. O club polense puxo en marcha un novo proxecto para formar a xogadores que exerzan de canteira. Así, porá en marcha a nova tempada un equipo de fútbol xuvenil aberto para todos os xogadores interesados que naceran entre o 1 de xaneiro de 2002 e o 31 de decembro de 2015. A inscrición é gratis e inclúe a inscrición federativa, material, vaixes e os conseguíntes destramentos cun profesional titulado.

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA
CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
(O Ramal) Rábade
Telf. 982 871 103

URXENCIAS
24 HORAS

O CD Friol FS confirma o seu ascenso a Primeira Galicia Sénior

O CD Friol FS confirmou o seu ascenso a Primeira Galicia Sénior de FS Lugo-A Coruña. Este logro é consecuencia do esforzo levado a cabo nos últimos tempos e despois de 9 anos de espera.

Esta confirmación chegou unha vez rematadas as competicións por mor da pandemia. Para confirmar a praza fixo falta un estudo por parte da Federación das prazas dispoñibles e contar co respaldo do Concello de Friol.

Segundo manifestaron dende o club a través dun comunicado, “damos as grazas de corazón a José Ángel Santos, alcalde de Friol, polo seu apoio e aprobación deste proxecto



O equipo durante un partido deste ano

e para volver desfrutar do fútbol sala como locais en Friol”. Así mesmo agradeceron o apoio dos colaboradores e patrocinadores. Non faltaron tampouco as palabras

de agradecemento aos xogadores polo seu “esforzo e cariño constante que amosan ao club, e a súa fidelidade, entusiasmo e compromiso”.

A Samurai Xtreme Race promove un reto solidario

A organización da Samurai Xtreme Race, ante a necesidade de suspender a edición deste ano con motivo da crise sanitaria provocada polo covid-19, promoveu un reto solidario cuxa recadación será destinada a doar e repartir máscaras para menores de 14 anos, maiores de 65 e persoal de risco.

O desafío final consiste en facer 100.000 burpees. Habrerá diferentes retos individuais que irán dende 10 burpees por xornada ata os 250 con opcións cada 50. O reto especial será de 1.000 burpees. Habrerá trofeo con trofeo para os 3 equipos que consigan realizar o maior número de burpees nos 10 días, e para a muller e o home que máis realicen. Tamén pódese participar cun donativo adquirindo o seu dorsal 0.



As xogadoras desta tempada, xunto ao adestrador

O ADC San Xoán busca xogadoras

O conxunto feminino do ADC San Xoán de Guitiriz de fútbol sala abriu unha nova quenda de inscrición para a próxima tempada en especial para o equipo feminino que ten que reforzarse para continuar na competición.

O equipo, que patrocina o restaurante O Korreo, fixo unha gran

actuación durante a súa tempada de debut e ocupaba a sétima praza cando rematou bruscamente a competición por mor do coronavirus na categoría de Primeira Galicia Sénior.

Os interesados en sumarse ao club poden informarse no teléfono 618 819 898. por whasapp.

Abre a inscrición para a nova tempada nos clubs de fútbol sala ponteses

LAGO DVSPORT. Tras dous anos de crecemento e de estabilidade, esta nova tempada o Lago DVSport dá un paso máis e crea o seu primeiro equipo de categoría sénior de fútbol sala que arrincará a liga na categoría Primeira Galicia.

O obxectivo marcado polo club é que os xogadores xuvenís poidan ter continuidade despois da súa etapa de formación, eles serán o alicerce básico deste equipo e “pretendemos que sexa o espello no que se miren todos os xogadores da base para algún día chegar a formar parte del”, explican dende o club.

Hai meses que a dirección deportiva está a traballar na confección deste equipo e varios xogadores xuvenís vestirán a próxima tempada a camiseta do sénior. “O obxectivo é formar o persoal integramente con xogadores locais”, indicou. En próximas datas, e segundo vense pechando conversacións, daranse a coñecer os nomes dos xogadores, así como do adestrador e o seu corpo técnico, que conformarán este Lago DVSport Sénior.

ESTEO. O club pontés O Esteo FS xa se atopa planificando a vindeira tempada 2020-2021, polo que unha vez celebrada a reunión da directiva e o coordinador da Escola acordaron empezar co periodo de inscrición na mesma.

Có lema Queremos seguir contando contigo, únete a O Esteo FS deu comezo o prazo de inscrición para todos aqueles nenos e nenas que queiran formar parte da Escola de Fútbol Sala de Base de O Esteo.

A solicitude de inscrición poderá descargarse na páxina web do club e, esta a súa vez deberá de ser enviada debidamente cuberta, xunto có xustificante de pago de ter realizado a inscrición á seguinte dirección de correo electrónico inscripciones.oesteofs@gmail.com.

A continuación móstranse as categorías cos seus anos correspondentes. A inscrición está aberta para todos os pequenos nados entre 2016 e 2002, para as categorías de biberón ata xuvenil. Os interesados poden obter máis información no número de teléfono 677 46 61 90.

Camisetas para o Vilalbés

O Rácing Vilalbés continúa na súa loita contra o coronavirus combinando o seu espírito deportivo. Tras varias accións do club no confinamento como a cesión das súas instalacións do estadio Roca para transportistas, continúan con distintas iniciativas.

Así, os pequenos recibirán como agasallo unha camiseta de apoio ao primeiro equipo cortaría de President.



Moito máis ca un día

Cómo vai caber nun só día toda a nosa historia, a nosa cultura, a bravura da nosa paisaxe e a grandeza da nosa xente.

Hoxe e todos os días do ano celebrando o sentir de ser galegos.

25 XULLO · DÍA DE GALICIA

COLABORACIÓN

Oitenta anos sen Galicia

A CASA DOS MARIOS



Moncho Paz

Aínda moi feble, tras recuperarme dunha pulmonía dobre na adolescencia, unha tarde de primavera escoitei atentamente este conto do Chavito, que comezaba así: “Antes de que Europa descubrixe América, algúns científicos sabían que á outra beira do océano había máis terra. Deducírono ollando o mar, e concluído que fan falta dúas beiras para que existan as ondas. Entre elas, dunha a outra, a auga arrólase ao ritmo da respiración, como cando un soña”. Desta maneira coñecín de primeira man a historia persoal de Néstor José Yáñez Paz, curmán do meu pai e o sobriño maior do meu avó Mario Xosé.

O mar móvese de lonxe, alén do Malecón da Habana. Un home dorme fondamente na terraza dunha das vivendas unifamiliares do municipio de Playa. Estamos na hora da sesta. A súa respiración é lenta e contaxia a todo o que o rodea: o aire que entra pola xanela, o gato que xoga entre as cadeiras e a hamaca... Os vellos pulmóns de Néstor enchéronse sempre do aire que se abanea co vento entre Galicia e Cuba: tómao aquí, lánzao alá e de novo regresa. Quizais por iso chegou aos oitenta

e dous, quizais por iso sobreviviu oitenta anos sen Galicia.

Néstor é un home de longos soños. Nado en 1921 na parroquia vilalbesa de Santaballa, no lugar de Cendo, deixou a aldea no colo dos seus pais con apenas dous anos para instalarse na Habana. Alí viviu todo este tempo. Como persoa de mundo, foi testemuña dunha historia convulsa: a guerra civil, a Segunda Guerra Mundial, a Revolución castrista... Mentres tanto, creceu, amou, enterrou aos seus mortos... E se foi capaz de soste a súa existencia foi por un soño, tan necesario como o alento: regresar á terra onde naceu. Á hora da sesta, o único electrodoméstico que parece ter vida na casa é unha vella lavadora rusa dos setenta, marca Aurika, que simboliza outra época. Mentres Néstor soña e o tambor da lavadora xira, a memoria ponse en marcha. Dinorah Prieto Rocha ten noventa e dous anos, dez máis que Néstor. Despois de seis décadas de vida en parella, a esta cubana filla de emigrantes de San Miguel de Reinante segue a sobralle o amor, percíbese nos seus xestos. El dorme, ela non. Sabe que hai soños que non están feitos para seren cumpridos, senón para seren soñados, e o seu encanto reside precisamente en seren inalcanzables. Hai ideais que se constrúen a base de sumar imposibilidades; distinguir uns de outros forma parte da madurez. Así foi



como lle aconteceu a Néstor cando, aos vinte anos, descubriu que existía unha Galicia feita de xeito exclusivo para o desexo e a paixón polas orixes. A vida mesma e as súas opcións para a felicidade levárono por outros camiños. A diferenza dos seus irmáns, que traballaban na tinturaria familiar, Néstor estudaba enxeñería civil na Universidade da Habana cando coñeceu á súa media laranxa. Namoráronse perdidamente. E tivo que renunciar ao seu prometedor futuro como delegado en Cuba da empresa norteamericana Permastone Construction, que incluso lle ofreceu mudarse a Miami, por manter a súa relación con Dinorah, unha decisión que non foi ben vista por parte da familia Yáñez Paz, contraria a que compartise destino vital cunha muller viúva, nai dun rapigo e dez anos máis vella. Porén, a Cuba do amor libre pesa máis en Néstor que as tradicións e a promesa de mellores oportunidades profesionais. Superadas estas barreiras, iniciaron unha convivencia que perdurou durante máis dunha ducia de

lustros.

Eran tempos complicados para o amor. María Xosefa, a nai de Néstor e irmá do meu avó, morreu en 1956, e en decembro dese mesmo ano Fidel Castro desembarcou a bordo do Granma na praia das Coloradas acompañado de oitenta e dous homes, dos cales só sobreviviron doce; con eles penetraría posteriormente en Sierra Maestra para comezaren unha guerra de dous anos contra o réxime de Batista, contenda que rematará co triunfo dos revolucionarios e a entrada de Fidel na Habana o 1 de xaneiro de 1959.

Aí volve Galicia, a terra da ilusión, xogar a súa baza. A ditadura de Franco mantense en España, e as liberdades, polo tanto, seguen a ser unha quimera. A historia deixa fonda pegada nos individuos, pero agora os protagonistas son outros. Non os galegos do exilio senón os que naceron e creceron nel. A nova xeración de galegos medra entre a morriña herdada dos seus pais e as súas propias vertices. Néstor e os seus irmáns perderon todas as pro-

iedades conseguidas con infindo esforzo, a pesar da decisión familiar -acordada por unanimidade- de permanecer na Habana cando en abril de 1961 o novo goberno proclama o socialismo e dá a oportunidade de abandonar a illa a todo aquel que non estea de acordo co cambio político.

Foi así como Galicia se converteu nunha utopía para os galegos residentes na illa caribeña, que sumaron imposibilidades compensadas doutro xeito, pois á calor da revolución a vida cultural cobrou novos bríos. Sen ir máis lonxe, o Centro Galego seguiu a incorporar grandes persoeros do mundo da nosa cultura, como Xosé Neira Vilas, creador da Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística da Academia de Ciencias de Cuba, un feito que reverte a singularidade na historia e nas letras da Galicia real. Fin da sesta. Néstor esperta a media tarde coa visita de Julito, o fillo de Dinorah, que trae a correspondencia que recibiron no local da Liga Santaballesa da Habana. Chegou unha carta remitida dende Vilalba polo seu curmán Ramón Paz Guntín, na que o convida a pasar tres meses en Galicia, facendo posible que vexa cumprido o soño da súa vida. Un mes despois, o 23 de xuño de 2003, ás 17:20 horas, Néstor José Yáñez Paz aterra no aeroporto de Santiago de Compostela, tras oitenta anos sen Galicia.

Verán

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Levamos uns días da nova estación e xa nos imos decatando do que significa a denominada nova normalidade. Os pequenos remataron o curso recollendo as súas notas, tra-lo último trimestre sen pisar o cole e recibindo as aulas correspondentes vía telemática, misión na que cómpre recoñecer o esforzo e a creatividade do profesorado para, na medida do posible, rematar o programa previsto. E similar situación foi a vivida polos estudantes dos demais ciclos, desde o medio ata o universitario. No plano laboral, paseniño ob-

servamos que unha boa parte daqueles traballadores que se atopaban en suspensión temporal voltaron a funcionar. O mesmo con autónomos e empresarios, os cales, tras unhas semanas sen facturar, reabriron con ilusión os seus negocios. Iso si, todos eles, xefes e empregados, coa mosca tras da orella pola incerteza do que depare o futuro máis inmediato, ademais de pensar nas consecuencias da declaración da renda a presentar a vindeira primavera, na cal é probable que cause algún que outro susto. Por riba de mel filloas: A xente marcha ós ERETS, cobra menos, pero como existen dous pagadores, a consecuencia resultante é que a Axencia Tributaria mete man.

Créanme, queridos lectores, que custa entendelo, polo menos a este servidor.

E aqueles con maior fortuna e dispoñibilidade, están a pensar nas posibles vacacións, se é que non están xa gozando delas. E aquí, por suposto que tamén existen considerables cambios. O primeiro deles, ven dado pola dificultade de concretar destino desa viaxe que temos en mente, xa que o sentimento de inseguridade aféctanos a todos, polo que establecer plans que conleven marchamos do noso entorno máis próximo pode ser arriscado. En segundo lugar, é evidente que os nosos comportamentos en todo o relacionado co ocio e disfrute do tempo libre teñen

que ser mudados. Esta realidade tamén debería ser unha oportunidade para redescubrir —se é que non se coñece— o que temos a carón nosa, sen necesidade de contratar un paquete vacacional con rumbo a lugares lonxanos. Sempre se escoita dicir que buscamos fóra o que temos na casa. E non cabe dúbida que, tanto en paisaxe, como en gastronomía e riqueza cultural, a Nosa Terra pode competir con calquera outra localización. Igual é o momento de que os galegos nolo creamos.

Ai, que verán ...!. Nin se celebrou o multitudinario Arde Lucus. Ata as míticas fogueiras de San Xoán foron reducidas ó ámbito máis privado. E sobre as festas patro-

nais das distintas parroquias, en principio semella que teremos que conformarnos cun bo xantar en familia. E que dicir doutros acontecementos tan singulares na nosa bisbarra, como a Festa da Fraga nas Pontes ou a Xira de Vilalba, sen esquecer o Festival de Pardiñas, que probablemente sexan cancelados.

A proba do atípico deste momento é que ata a Orquestra Panorama suspendeu as súas actuacións. Non hai máis que engadir.

En fin, que esta normalidade non faga decaer o ánimo, aínda que este bicho non foi derrotado totalmente, resistindo a marchar sen abandonar as súas malvadas intencións.

Teñámolo en conta.

Serafín dos Castros da Chousa Grande

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Din que o mundo é un pano, e será verdade; pero de ser así, a miña parroquia de nacemento, Os Vilarés, está no centro dese pano, porque alí vivín a miña infancia, e aquela é a miña patria, que diría Rainer Maria Rilke, Agustín Fernández Paz, e o mesmo Díaz Castro, que tamén tiña idolatrado o seu Vilarinho Natal. Por iso gusto de lembrar ós veciños e a aqueles personaxes que chamaron a miña atención de neno, sen ter en conta a súa condición social, senón as súas habilidades naturais e, sobre todo, a calidade humana que atesouraban, pero aos que esta sociedade, baseada no individualismo e a insolidariedade, tratou inxustamente. Un deles foi Serafín dos Castros, que era fillo de Manuel Losada, "O Vello Castros", de quen xa falamos o mes pasado nestas mesmas páxinas. Serafín, ao igual que seu pai, tamén era trapeiro e tamén andaba sempre acompañado dun burro. Pero o burro de Serafín parece que era mais listo que

o de seu pai, ou estaba mellor "aleccionado", que diría Xosé M. Aznar, xa que, ademais de levarlle a carga, tamén exercía de pregoeiro, pois, cando chegaban a un pobo o burro poñíase a ornear e así a xente sabía que xa chegaran ao mesmo tempo, o trapeiro, o paraugueiro e o cerralleiro á aldea, porque de todo iso facía el.

Andaba por unha zona diferente da que recorría seu pai. El gustaba de ir pola zona de Vilalba, Mondoñedo, Ribeira de Piquín e A Fonsagrada, vendéndolle os trapos ao seu parente Manuel do Rei, da aldea da Tiñaz, que tiña o almacén na céntrica rúa Campo de San Xoán. Aínda hai xente na Ribeira de Pequín que se acorda del e do seu burro, como me ten contado o meu veciño e parente del, Xesús de Nieves da Tiñaz.

Cando ía por esas terras dicía que era de Parga, da "Laguna dos Castros, da Chousa Grande de Arriba", pero, non sei porque motivo, lles aconsellaba as xentes por onde pasaba: "Si ides por Parga levade o pan na manga, porque os parragueses téñeno poucas veces".

Despois, ao deixar de ir aos trapos, desfíxose tamén do burro e mercou unha bicicleta que case



sempre levaba pola man, porque, cando se lle gastaron as cubertas e a súa economía non lle permitía mercar outras, púxolle unhas cordas moi gordas de esparto, amarradas con arames á lamia, e, aínda que era un home moi forte, non había quen tivera a forza suficiente para levala a pedal.

Quedou viúvo moi novo e con dous fillos moi pequenos. Non tiña un lugar de seu no que traballar, polo que gañaba a vida cos trapos e practicando os oficios de paraugueiro e cerralleiro; amañaba os paraugas poñéndolle o arame do curuto, cando se lle rompía; coséndolle un remendo de tea ou cambián-

dolle algunha variña.

Dábase moita maña para esas cousas, e naqueles tempos de penurias e necesidades era necesario reparar todo. O mesmo nos parcheaba a pelota que un pneumático da bicicleta; reparaba as potas e cazolas de "Es-maltaciones San Ignacio" cando se furaban e os potes grandes de ferro fundido, que se mercaban na feira de Parga, nos que se lle cocían os nabos aos cochos e a encaldada para as vacas.

Tiña un xeito moi rudimentario de facelo: Primeiro agrandáballe o burato, no caso de ser moi pequeno e non lle entraba un dos remaches que traía el. Despois collía unha lata de sardiñas

e, con unhas tesoiras de cortar chapa, facía dúas arandelas, as que lle facía un burato no medio á medida do remache. Logo facía unha masa con fariña e un pouco aceite, que poñía ás dúas partes do burato, colocando despois as arandelas, unha por dentro e outra por fora, e remachábaso despois, poñendo un martelo por cada lado.

Pero aínda non remataban aí as súas actividades laborais, pois, cando ía aos trapos, ou cando botaba unha tempada na casa, tamén se dedicaba a mercar a flor da árnic e a herba da verruga que apañabamos de nenos nos prados; a casca de salgueiro e flor de sabugueiro, que logo vendía, para facer menciñas, a outros comerciantes que lle sacaban moito mais rendemento económico que el e mais que os que as apañabamos.

Serafín era un home moi pobre, pero nunca perdeu a dignidade. Nunca pediu nada a ninguén, pero si lle daban algo tamén o aceptaba con gratitude. Era unha boa persoa que nos ten aturado moitas falcatuadas que inconscientemente lle facíamos de nenos.

Vaia na súa honra este meu pequeno e mais que merecido recoñecemento.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN

Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA

Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES

Concello: 981 45 31 16
Policía Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE

Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI

Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa): 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COSPEITO

Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL

Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa: 982 37 10 05

GUIRIZ

Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA

Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS

Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI

Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL

Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADA

Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIOTORTO

Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VILALBA

Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE

Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03
/ 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

+ Teléfonos: www.terrachaxa.com



Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



TELÉFONOS DE INTERESE

terracháxa
xornal independente da chaira www.terrachaxa.com

Para calquera suxestión,
información ou comentario
non dubide en poñerse
en contacto con nós.

Teléfono: 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com



Edición: PORTAS COMUNICACIÓN SL
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 673 903 924 - 982 510 335
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións SL
Dep. Legal: LU-517-03



PASATEMPOS

SUDOKU

Fácil

	3	6	2	5				
	4	5	6				8	
9			7		3			
4	5				9	8	3	
		3		4		5		
1			3	6	5		9	
3								8
5								7
		4	9	3	7		6	

Difícil

					6	9	1	
		7	2	9				
			3	5	4		2	
				1				
6		3	5	4		8		
2				3	7	4	6	
3		2		6				
7			4					
	6	8	7		3			

Extremo

3			4				8	
				5		2		
1	5	2						
	7			1				
			9				6	
	1	5				7		
6			3		4			

AS SETE DIFERENZAS



TABOLEIROS MATEMÁTICOS

+

=

8

-

=

8

x

=

6

-

=

3

+

=

6

-

=

3

x

=

3

-

=

9

+

=

3

-

=

3

+

=

6

x

=

3

SOLUCIÓNS

2	8	4	9	3	7	1	6	5
5	6	9	4	1	8	3	2	7
3	1	7	5	2	6	9	4	8
1	7	8	3	6	5	4	9	2
6	9	3	8	4	2	5	7	1
4	5	2	1	7	9	8	3	6
9	2	1	7	8	3	6	5	4
7	4	5	6	9	1	2	8	3
8	3	6	2	5	4	7	1	9

Fácil

5	6	8	7	2	3	1	4	9
7	1	9	4	8	5	2	3	6
3	4	2	1	6	9	5	8	7
2	8	1	9	3	7	4	6	5
6	7	3	5	4	2	8	9	1
9	5	4	6	1	8	3	7	2
1	9	6	3	5	4	7	2	8
8	3	7	2	9	1	6	5	4
4	2	5	8	7	6	9	1	3

Difícil

2	3	7	5	6	1	8	4	9
6	8	9	3	7	4	5	2	1
4	1	5	2	8	9	7	3	6
8	4	3	9	2	5	1	6	7
9	7	6	8	1	3	4	5	2
1	5	2	7	4	6	3	9	8
5	6	8	1	3	2	9	7	4
7	9	4	6	5	8	2	1	3
3	2	1	4	9	7	6	8	5

Extremo



9

=

6

-

7

+

5

=

3

8

=

5

-

9

+

5

=

9

8

=

3

x

7

-

8

+

3

=

3

RECOMENDACIÓNS

que ler?



Alcaldesa Vermella El Hematocrítico, Mar Villar e Anaír Rodríguez

Un misterioso personaxe chegou á fraga. Axiña corre o rumor de que é o mesmísimo xenio da lámpada marabillosa, así que os habitantes do lugar deciden reunirse para facer unha listaxe de peticións. Carapuchiña Vermella, que será a encargada de falar con el, non pode nin imaxinar que estará nas súas propias mans, e nas dos outros personaxes dos contos, a posibilidade de facer do bosque un lugar mellor.

que escoitar?



Vieiras e vieiros, historias de peregrinos Luar na Lubre

Vieiras e vieiros, historias de peregrinos é o 19º disco da banda Luar na Lubre. Un álbum que explora os escritos, as lendas, as sonoridades e as pegadas que os peregrinos deixaron a través dos múltiples carreiros que conforman o Camiño de Santiago ao seu paso polo territorio galego. O factor humano da vía xacobeá é o fío que tece un relato plural que abarca diversas épocas, voces e contextos. A constancia e a fidelidade ao universo folk definen o traballo deste grupo.

que ver?



The gentlemen: los señores de la mafia Crimen, acción

Mickey Pearson (Matthew McConaughey), home de negocios e expatriado estadounidense, triunfou en Londres, grazas ao tráfico de drogas. Agora quere vender o seu rendible imperio de marihuana valorado en miles de millóns, pero non llo poñerán nada fácil. Isto desencadeará toda clase de conspiracións, intrigas, subornos e chantaxes, nas que se verán implicadas organizacións rusas ou a mafia chinesa. Todo con tal de tentar roubarlle a súa valiosa propiedade. Este thriller de acción e comedia escribíeo e dirixe o realizador Guy Ritchie.

a elección de...




Sonia Cervantes Rivas Concelleira en Pol


un libro

Fariña
de Nacho Carretero

un disco

Lobos
de Davide Salvado

unha película

O que Arde
de Óliver Laxe

unha personaxe histórica



Rosalía de Castro

un lugar para visitar


Calquer recuncho de
Galicia

un sitio onde vivir




Pol

unha comida



Polbo á feira

unha bebida



Café



DESCUBRINDO O PATRIMONIO



Miriam Fernández

A Pousada de Pepa a Loba

Se certamente existiu Pepa a Loba non está de todo claro, algúns datos apuntan que así foi, que Pepa era unha muller de carne e oso, máis outros tantos débúxannola claramente coma unha figura mítica do bandoleirismo galego do século XIX, unha alma libre que percorreu Galicia acompañada dunha banda de homes cos que asaltaba os camiños, atacando con particularidade e ós ricos, caciques e cregos, mentres que prestaba axuda ós pobres, ó xeito do afamado Robin Hood inglés.

As lendas contan que Pepa naceu no norte da provincia de Pontevedra, filla de nai solteira, quedando tras a morte desta ó coidado dun tío carniceiro e ladrón, de quen aprendería o oficio. Neste contexto, agravado tras ser violada sendo unha nena (tamén se conta que presenciou o mesmo abuso sufrido pola nai), forxou nela un carácter fero, rebelde e afoutado. Din que o alcume lle veu por darlle morte a un lobo mentres alindaba as ovellas no monte, aínda que outras versión afirman que o adquiriu da Serra da Loba, localizacións por onde operaba sendo xa unha bandoleira, cuestión que a relaciona tamén coa imaxe da Raíña Lupa e incluso como “Peeira de lobos”, personaxe mitolóxico que convive e se comunica con estes animais capitaneando unha manda ó seu antollo.

Tras ser acusada falsamente de matar o tío, ingresaría na cadea, vingándose á súa saída do home que a encarcerou falsa-

mente e de todos aqueles que cometían crimes (tendo ben en conta o abuso que sufrira de pequena), dando a coñecer o seu lema “home morto non fala”. A partir de entón forxaría a imaxe de muller cruel, sanguinaria, indomable e capaz de gobernar

referencias sobre esta figura por toda Galicia.

A lenda di que casou con un dos seus homes e adquiriu en Xermade unha pousada, no lugar da Abelleira, situada á veira do Camiño Relá que enlazaba Mondoñedo e Ferrol ó seu paso

de lousa a catro augas e paredes de cachotaría e granito. Sobre as marxes da porta principal de acceso ó inmoible, consérvanse dúas curiosas troneiras defensivas por onde se enfiarían as bocas das armas que protexerían a porta ante calquera ataque.

na abelleira instalada, viúva e coidando un fillo e non se soubo máis nada.

Antonio Rei Soto, Aurelio Miras Azor ou Carlos Reigosa, foron algúns dos escritores que tamén crearon novelas e recolleron



Á esquerda, unha imaxe da pousada no seu estado actual e, á dereita, un primeiro plano do marco da porta



a súa propia cuadrilla de homes cos que percorría os camiños e montes galegos na procura dos seus botíns. A súa figura representaba claramente a antítese do “rol feminino tradicional”, un comportamento descrito coma falto de sensibilidade e piedade que situaría a morte do seu propio fillo nas súas mans, ademais dun marcado carácter dominante e promiscuo os ollos da sociedade. Tamén se fala da posibilidade de que existiran varias Pepa a Loba, alcume que herdarían outras mulleres bandoleiras e que explicaría a cantidade de

polo Concello. Nesta fonda daba comida e pousada ós camiñantes, unha actividade moito máis relaxada que a habitual nun intento de levar unha vida máis tranquila e familiar tras quedar embarazada de novo. Aínda así proseguiría esporadicamente coa súa actividade delitativa, a cal retomaría coa morte do seu home, asasinado na pousada Sidorro, no lugar de O Carrizo, en Santaballa.

A pousada de Pepa a Loba é real, polo menos o edificio que segue en pé na Abelleira, unha casa de grandes dimensións con teitume

Da súa estadía por estas terras consérvanse cantigas coma a seguinte:

Aínda lembran os máis vellos de Pepa A Loba andanzas por Xermade e por Cospeito, por Muras e Santabaia. Cometeu roubos e crimes, viviu no monte escondida ata que un día quedou a súa banda diminuída. Pepa viviu cun home que por marido trataba nunha casa en Roupar que está preto de Vilalba. Alí morrería un día

información sobre Pepa a Loba contribuíndo a conformar o mito sobre esta muller bandoleira, un prototipo que seguiría inspirando historias, artistas e a músicos do país séculos despois (Herdeiros da Crus, a Banda da Loba, Os Fillos da Loba, etc.). Como ben di Reigosa “se cadra, sempre houbo —e hai— unha Loba rebelde e irmandiña na nosa terra. Porque é ben certo que, cando unha lenda engarabita polas pernas da historia, ambas as dúas —historia e lenda— acababan por fundírense para sempre, irremediabilmente”.

CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Cursos y Certificados

GRUPO FORMAT
formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
 alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
 Telf.: 982 51 36 05